



ARREQUECER A ENDEITA

Antoloxía de tres homes do dereito

Subvenciona:



Edita:



Fundación Lois Peña Novo

© dos textos: familias dos autores

© da publicación: Fundación Lois Peña Novo

Estudo de deseño: Pío García Servizos Audiovisuais
Deseñadora: Nerea Otazo Echeverría

Escolma de textos, corrección lingüística e tradución: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Imprime: Artes Gráficas Litonor

Depósito Legal:

GALEGUIZAR GALICIA

Desta edición do libro “ARREQUECER A ENDEITA: Antoloxía de tres homes do dereito” fixéronse 503 exemplares: 500 en tirada ordinaria e encadernación rústica; outra especial, de 3 exemplares encadernados en pel, destinada as familias dos autores, para entregarlles no acto de entrega dos Premios Lois Peña Novo na súa XIII edición.

Soutomaior, 28 de xuño de 2007



ARREQUECER A ENDEITA

Antoloxía de tres homes do dereito

Manuel Casado Nieto
Orencio Pérez González
Claudio Movilla Álvarez

ARREQUECER A ENDEITA

Antoloxía de tres homes do dereita



Fundación Lois Peña Novo

Nada máis acaído que o título buscado a esta antoloxía de textos: “Arrequecer a endeita”. Endeita é unha palabra que actualmente se utiliza moi pouco. Foi perdendo presenza no léxico dos galegos a medida que fomos perdendo o traballo comunitario. Trátase dunha palabra de forte presenza na economía da sociedade rural galega. Don Eladio Rodríguez, no seu dicionario enciclopédico define a endeita deste xeito: “Faena, traballo, labor de campo que se realiza por un ou por varios á vez. *Arrequecer na endeita*, adiantar nalgún labor, aumentar esta máis que outros nun mesmo espazo de tempo”.

Os que pertencemos a unha xeración que vivíu as transformacións que se produciron en Galicia nos últimos corenta e cinco anos, sabemos como se organizaba socialmente o traballo no agro, mesmo temos participado nel. Ese traballo, realizado polos integrantes dunha mesma familia ou polos veciños da aldea, estaba debidamente organizado e xerarquizado. Pero había no seu acometemento un espírito de competitividade

que facía que uns fosen máis “longos” nel. Dikir longos era sinónimo de máis operativos. A vella sociedade rural deu paso a outra ben distinta, máis autosuficiente e individualista. O numeroso parque móbil que permanece hoxe estacionado nas eiras das casas rurais é a evidencia desa autosuficiencia e autonomía acadada polos galegos que aínda permanecen vencellados ás actividades agrícolas. A sementeira, a seitura, a roza do monte... os traballos comunitarios parroquiais, foron reemprazados polas máquinas agrícolas e polos servizos que agora prestan os concellos.

Tamén no eido intelectual os traballos en equipo foron dando paso ás actividades individualizadas. As novas tecnoloxías da comunicación fan que vaian desaparecendo formas de relación social creadoras da nosa cultura. Eu coñecín nas montañas luguesas a pervivencia do costume “das polavilas”, que consistía nas xuntanzas dos veciños despois de finalizadas as tarefas agrícolas do día, nas que o inxenio de cada quen contribuía ao

arrequecemento cultural dos demais; aquel tradicional xuntoiro desapareceu o día en que os postes emisores de televisión levaron ás casas labregas o sinal de moitas cadeas de televisión. A partir dese día a xente preferiu estar a carón do lume da cociña que saír ao medio do lugar a filosofar.

A endeita é a mellor maneira para definirmos a importancia do traballo desenvolvido por tres profesionais do dereito, tres homes de Castro Caldelas, unidos pola súa entrega ao servizo da Xustiza, da que eran funcionarios.

Manuel Casado Nieto, fiscal; Claudio Movilla Álvarez, maxistrado do Tribunal Supremo, e Orenco Pérez González, maxistrado de primeira instancia e instrución, conxugaron a súa actividade profesional coa súa paixón pola defensa dos valores democráticos e identitarios. Casado Nieto, misturaba os seus escritos de calificación mentres era fiscal da Audiencia Territorial de Barcelona, con achegas poéticas e literarias; Claudio

Movilla, que foi o primeiro maxistrado que ditou unha sentenza en lingua galega en 1984, despois de catrocentos anos de marxinación, foi persoa clave no “aggiornamento” do noso ordenamento xurídico como resultas da promulgación da Constitución de 1978, e un reñecido teórico do Dereito; Orencio Pérez González, representa, no seu caso, ao xuíz que por primeira vez na historia de Galicia realiza o seu labor xurisdiccional integramente na nosa lingua. Milleiros de expedientes producidos en lingua galega polo seu xulgado xa forman parte da historia da normalización lingüística de Galicia.

A todos eles a Fundación Lois Peña Novo que-re recoñecerllela súa contribución a esa Galicia que soñaron e que nós disfrutamos. Co seu traballo, imaxinativo e avanguardista, aumentaron máis ca outros nun mesmo espazo de tempo, esa agra aberta de galeguismo e de dereitos. No seu ámbito, o xudicial, o seu labor foi sobranceiro e a forma máis enxebre para definilo é, pois, que arrequeceron a endeita.

Presentamos unha breve antoloxía de textos literarios de Casado Nieto recollidos de varias das súas obras, e artigos publicados nos xornais “Faro de Vigo” e “La Voz de Galicia”, de Orencio Pérez e Claudio Movilla, respectivamente. Colaboracións de nítido compromiso cos problemas do momento político que viviron e que evidenciaban o valor dos seus autores.

Xosé González Martínez

Presidente Fundación Lois Peña Novo

Manuel Casado Nieto



Manuel Casado Nieto

Manuel Casado Nieto naceu en Castro Caldelas, Ourense, o 28 de setembro do 1912, aínda que o seu desempeño vital o levaría pronto lonxe destas terras. Estudou Ciencias Exactas e Dereito en Santiago e Madrid e ingresou por oposición na Maxistratura en 1935. Xa funcionario, prestou os seus servizos profesionais nas Audiencias de Oviedo e Pontevedra e axiña trasladouse a Barcelona, cidade na que exerceu o cargo de avogado fiscal e na que residíu ata a súa morte no ano 1984.

Foi en Barcelona onde Manuel Casado Nieto desenvolveu boa parte do seu compromiso con Galicia. Aquí presidíu, entre 1954 e 1970, o activo Centro Galego de Barcelona, nunha época na que a cidade condal acollía a unha nutrida colonia de galegos emigrados. Home hábil e diplomático, Casado Nieto deixou pegada polo seu bo facer e a súa rigorosa impronta cultural; soubo rodearse doutros entusiastas paisanos coma Federico Gobartt, Francisco Dapena ou Basilio Losada Castro, homes que fixeron que o Centro Galego de Barcelona acadara as súas máis altas cotas de vitalidade e prestixio.

É autor dunha abondosa obra literaria e tradutor de textos bíblicos á nosa lingua.

A AVIONETA

Era alá polos anos 50. Vicente Risco e máis eu paseabamos adoito nos vrans polos arredores da nosa vila do Castro, dialogando de “omni re scibile”, maiormente nas derradeiras horas do serán cando o sol iba xa de vencida cara a Cabeza da Meda dimpóis de pintar no ceo os seus espectaculares ronseles de lume.

Un deses días apareceu –cosa para nós insólita– pola banda de Aguil unha avioneta que se demorou bastante tempo na bisbarra trazando círculos por riba das nosas cabezas. A xente debruzábase nas fenestras e nos bastidores das galerías, e os que andaban fora das casas, coma nós, erguían curiosos os ollos e facían visera coas palmas das mans.

- ¿E logo qué avioneta será esta? –preguntámoslle a unha muller que pasaba.

Será a dos que fan os retratos do Catastro para rubírennos as contribucións – respondéunos.

Non nos convencéu.

Pra as fotos convíñalle millor outra hora que a do solpor –comentamos.

Seguimos andando namentres a avioneta trazaba outro círculo, mansiña, un pouco ladeada para coller a volta.

Preguntámoslle ao da gasoleira:

-Celso, ¿ti sabes qué avioneta é esta que revoa?

-Non sei...Será dos de Tráfico...

A resposta convenceunos aínda menos.

-Qué van andar buscando os de Tráfico! Se por aquí non pasaron nin catro coches en todo o día....-dixen eu.

A avioneta, en certo momento, refrexaba coma un espello as derradeiras raíolas do sol en centileos intermitentes.

Algo máis adiante vimos ao Toco de Vilanova, que ollando para enriba comentaba:

-Ese aeroplano será doutros estranxeiros coma aqueles que se disgraciaron o ano pasado na serra da Queixa. Vese que buscan, e non atopan onde pousar.

A trágica opinión metéunos o demo no corpo. Seguimos, acontecidos, as evolucíons do aparato descoñecido, temerosos de velo escachizarse contra o chan no intre menos pensado, pero volvéu Dios que ao remate dunha volta enfióu dereitiño cara o Sil e perdéuse coma un foguete máis alá de Lemos.

Respiramos. Pero aguilloábanos a curiosidade.

-¿E que viría facer eiquí a avioneta?

- Eso me pregunto eu.

Nestas enxergamos ao señor Damasio, vello labrador que camiñaba devagar para a vila apoiado nunha caxata luguesa. Agardámolo pra demandarlle o seu parecer de home de longa esperencia. Fixo un aceno como de cousa sabida e respondéunos con

catro palabras contadas:

-Son os dos escarabellos.

Se as outras opinións non nos convenceran, esta do señor Damasio nin xiquera a entendimos.

-¿Cómo di? ¿Qué di? – inquiría o Vicente, abertamente desconcertado.

-O que todos sabemos, don Vicente –respondéu con aplomo o señor Damasio.

-É que eu non acabéi de desenguerellar a cousa...- repuxo o Vicente, que logo, volvéndose cara min, preguntóume:

-¿Ti entendíchela?

-Home, en liñas xerais, non se me oculta de todo -contestéi para deixar polo menos na dúbida a miña total incomprensión-.

O señor Damasio deuse por satisfeito coestas miñas verbas e continuóu o seu camiño.

-Abur, logo. Don Manolo xa entendéu- dixo despendíndose.

Ao quedármonos soios o Vicente interrogóume deseguida:

-¿De que se trata? Conta.

-Non teño nin idea, Vicente.

-Entón, ¿por qué o diches por cousa entendida?

-Por creto persoal, home, ¿non comprendes? A ti e máis a min téñennos, e con razón, digo eu, por homes que están ao tanto das realidades do país. ¿Querías que aos ollos dun petrucio coma o señor Damasio, quedáramos por uns burricás ou uns señoriteiros que viven na lúa?

-Pode que non che falte algo de razón, pero tocante da avioneta, se non vivimos na lúa, vivimos en Marte.

Dimos a volta, porque escomenzaba un relente que nos empurrou para a vila. A nosa conversa, sempre choutante de aquí para acolá, desviárase cara a mitoloxía, na que o Vicente era mestre, e a frase do señor Damasio levóunos a falar do escarabello sagro dos exipcios, da súa plasmación en figas e amuletos de ouro e pedras finas, do seu espallamento polas costas do norte da Africa...

-E quén sabe – engadíu- se o señor Damasio, poseedor desa fonda sabedoría dos homes entranados na terra, non lle deu, mesmo sin querer, un senso mitolóxico ou máxico ao revoar da avioneta, e por mor deso relacionóuno co escarabello, becho con azas e becho sagro, presente co seu simbolismo, pola interrelación das culturas, no inconsciente colectivo e na memoria do sangue a traveso das xeneracións. Decía Jung...

-Non, nada deso, Vicente! – berréi, cortándolle o discurso-. Non vaias tan lonxe. Os escarabellos están eiquí, eiquí mesmo.

-¿Onde?

-Eiquí na estrada. Veñen avantando coma un exército. ¿Non os ves?

Enguriñóuse pra ollar de perto ao chan, por culpa da súa miopía, i erguéuse de contado con estremónías de noxo.

-Xa os vin. Lisquemos pra a casa. Ai, ai, que triponeles!

-I eu tamén. Ai! —esclaméi arredándome cara a cuneta entre grimeiros estalos de escarabellos apachocados polos nosos pés.

-Parece cousa de bruxas- dixo o Vicente.

-Ou de avionetas- corruxino eu.

Non me digas máis, que agora o comprendo. Leve o demo....! Queren vender arseniatos pra as patacas eses fillo de Belia!, quérense facer ricos a custa dos labradores.

-Esto sóio véndoo. Lástima dun cañón antiaéreo!

-Lástima!

-É algo increíble. Fillos de lurpia!

E así, entre maldiciós, entramos no Castro cáseque correndo e dando choutos. A xente mirábanos.

O señor Damasio, que agora repousaba nun banco da praza, ao vernos chegar tan esvenxicados, preguntóunos ao lonxe:

-¿Acontecélle algunha cousa?

Os escarabellos –respondimos- Veñen a centos polas estrada adiante.

-Eso xa era sabido –repreicóunos el sin se alterar o máis mínimo. ¿Non viron a avioneta? Pois logo...

A TASACIÓN

Cun saco pregado no couquizo, a maneira de carapucha, i un feixe ao carrello, o señor Liborio, por mal nome “o Chafallas”, rubía pola Cubiarca de vagar. Eu baixaba á viña co fol de dalo xofre e crucéime coil.

-E logo, Liborio? Da fraga?

-Da fraga, de apañar unha pouca leña. Ti vas á viña?

-Vou

-Estáse millor abaixo. É outra quentura.

-Sempre é máis temperado. Cómo se presentan as castañas?

-Algún xa fixo a colleita.

-No logo!...Colleita no maio!

-Pois hai quen a fixo.

-Non te entendo, Liborio.

-Ti pasa polo souto de don Emilio, que é grande arrodeo, e xa me dirás dimpóis.

Quedéi sorprendido daquilas verbas, inda que non lle toméi o sesno. Don Emilio, coma vivía algo lonxe pois estaba de xuez en Redondela, encargárame a min de lle mirar un pouco polas fincas, coma en clas de degano.

-Sigo sin entender, Liborio.

-Ti vai alí, e xa entenderás. É o que che podó dicir.

Descín máis depresa do que pensaba e chegueime ao souto de don Emilio. Ao pronto non vin cousa que me chamara a atención.

“Iste Chafallas é moi amigo dos misterios. Ganas de me facer arroedar sin necesidá!”

Pro cando, feríndome as pernas por entre toxos e garamalla, conseguín saír aos lindes co Chinto de Sas, comprendín de sócato o que me quixera reve-

lar o Liborio. Alí estaba deitado no chau do souto lindante, un castiñeiro tronzado polo pé. I o tocón, aínda ben recente, para acó da marcaxe, no souto de don Emilio.

-Vaites coa colleita do Chinto! Non contaba il con que viñera alguén por ista froresta. Non contaba co Liborio Chafallas. Nin comigo. Non, pois...

Á volta mandéille recado ao Chinto de Sas, máis o recado perdéuse, porque o Chinto non apareceu. Escribílle entón a don Emilio referíndolle o caso. “Vaia, hom! Que un castiñeiro non é un garabullo!” Pra outra semá ven don Emilio e chamamos ao Liborio Chafallas.

-Ben, Liborio, quéroche dalas gracias porque fuches ti o que levantáchela lebre –díxolle don Emilio, moi amistoso.

-Eu, non, señor. Iso ehí o seu degano...Eu non me meto no que non me pertence.

Aprobéi cun aceno da cabeza.

-Está ben, home –continuou don Emilio-. Eu viñen porque non quero facerlle recramaciós ao Chinto sin sabermos dantes a cantos ascenden os danos e perxuicios.

-Iso depende.

-Craro! Depende do castiñeiro, dos anos que tiña, da torada, da grandura das ponlas, das tegas de castañas que daba, de moitas cousas....I eu prefiro sabelo dantes de falar co Chinto.

-Iso depende – volvéu a respostar o Chafallas.

-Coidamos que ti, Liborio, que eres o máis entendido niso, poderíasnos tanxelar unha tasación pouco máis ou menos. Porque un castiñeiro...un castiñeiro aínda vale.

-Iso, asegún.

-Pois polo menos te mandéi chamar –insistiu don Emilio.

-O castiñeiro valerá....Eu qué sei o que valerá! Valerá moito ou valerá pouco.

Don Emilio, para talantealo, lanzóu unha cantidade:

-Dende logo, de vinte mil réas non debe baixar.

O Chafallas movéuse coma azougado polas avespas, e falou con certa solemnidade doorida:

-Señor xuez de primeira instancia de Redondela de Galicia: Vostede sabe moito máis ca min, polo estudo que lle deu o seu pai, que Dios teña. Pero de castiñeiros...

-Por iso te chaméi. Para que calcules ti, hom...

-O castiñeiro non era nin dos máis grandes nin dos máis pequenos.

- Pois xa temos unha base. Sigue, Liborio.

O que pasa é que as cousas valen asegún as queiran pagar.

Don Emilio ateigouse de pacencia.

-Conformes, Liborio. Máis eiquí non se trata dunha venda. Do que se trata é de precurar un arranxo por non meter no cárcere ao Chinto de Sas. Comprendes?

-Por min pode metelo. Xa que as fixo...

-Xustamente é o que non desexo faguer, por máis que reconozca que o ten merecido. O que eu quero é tasar. Estamos?

-Estamos. O castiñeiro...non era mal castiñeiro, non, señor. Igoal pode valer dous que valer catro, valer cinco que valer dez...

-Esí non me tiras de dúbida. Eu teño sabido de cas-

tiñeiros que valeron cartos dabondo. Porque a madeira aínda vai ben cara...

- A madeira elle coma todo, don Emilio. O precio igoal rube que baixa. Depende dos anos.

-Non che nego que xa penséi nunha especie de solución: pódesele dicir ao Chinto que serre a madeira e ma traia en táboas, que pra iso é miña. Pro restan os perxuicios...

- Os perxuicios...serán os que tase un xastre. Os perxuicios, haber hainos. Porque unha cousa é un pino, que logo medra; pero un castiñeiro...

-Cánto lle botas, logo?

-Ouh! Botar pronto se bota. O caso é o que se lle ha botar...

-Don Emilio acabou fato da conversa.

-Está ben, Liborio dixo erguéndose-. Gracias por

todo. Xa calcularemos nós ao noso xeito.

-Señor xuez de primeira instancia de Redondela de Galicia: Vostede sabe moito de leises, pero de castiñeiros... de castiñeiros ninguén ten que me adprender nada, que nacín entre eles.

E, sin máis, o Liborio Chafallas púxose na cabeza a pucha que mantivera enrugada na mau durante a conversa, e foise bisbilloteando polas escadeiras.

Don Emilio, que debía tornar ao Xuzgado, comendóme a min a angueira:

-Boeno, mira... Sabes qué? O Chinto de Sas, que che poña a madeira, serrada ou sin serrar, na porta da casa, e por parte que che pague..., ¡que sei eu!..., setecentas ou oitocentas pesetas polos perxucios, calculando por baixo. Ou o que ti vexas. O que convén é que escarmente. Se non se conforma, escribesme.

Dispúxenme a escomenzar as xestións.

O Liborio, tan axiña coma marchou don Emilio, veu-me visitar.

-E logo en qué quedaron sóbor do castiñeiro?- preguntóume.

-Negocio arranxado –contestéille-: Que o Chinto me traia a madeira i unhas pouquiñas pesetas. É ben menos do debido, pero xa está. Ao Chinto supoño que non lle petará por negarse, pola conta que lle ten, pois aínda lle sai o choio ben barato. E morra o conto.

O Liborio acolléu encabuxado a nova. Fitábame pasmado. Víanselle uns relumes nos ollos. Falóume con xenio:

-Tódolos pillos teñen sorte. Se eu me vira na pelica de don Emilio, iba librar o Chinto esí, ai iso iba....! Habíame abonalo castiñeiro con altos, baixos i arrodeos, asegúrocho. Non tiña máis canseira que me faguer coa tasación dun home entendido...,e preito adiante! Vaia, Vaia! Que tampouco é tan difícil de tasar un castiñeiro...,digo eu.

CUESTIÓN RESOLTA

O pintor Luis Seoane estaba de paso en Barcelona. Viña de Nova York, de Roma, de Bonn, onde os seus cadros, os seus dibuxos, os seus grabados son, día a día, máis estimados polos entendidos.

Rubimos xuntos a un taxi pra irmos ao Centro Gallego.

Llévenos, por favor, al Centro Gallego –dixo o Seoane. Está en las Ramblas, bajando a la derecha, no me acuerdo del número...

-35 –engadín eu.

Seoane faláralle ao taxista en castelán, pro coise acento de labrego das Mariñas do que endexamáis se desprendéu, aínda que vive dende hai moitos anos polo mundo adiante.

O taxista, que resultóu galego tamén, coma tantos dos seus compañeiros de Barcelona, notóulle o acento aixiña. Sorríu e respostóu na nosa lingoa:

-Ben sei onde está o Centro. Vostede é de alá, non?

-Sómolo todos.

-Eu son de Ourense – dixo o taxista.

-De Ourense mesmo?- preguntéille.

-Da provincia: de Trives –contestóu il.

-Ai, de Trives!

-Boeno, en Trives está o Xuzgado...O meu lugar é ao ladiño dun sitio que lle din Montederramo. Sabe ónde cai?

-E non vou saber! É terra de Caldelas.

-Eiqué en Barcelona –continuóu- andamos moitos galegos nisto do taxi. Vostedes viven na cidade?

-Vive o amigo. Eu vivo a maior parte do tempo

en Bós Aires. Viñen dar unha volta –acraróulle o Seoane.

-E qué tal lle vai aos paisanos por aquí país?

-A uns millor i a outros peor. Máis ou menos, todos van vivindo. Niste senso non hai grande queixa. E por eiqui, qué tal?

O taxista afianzouse na conversa:

-Sabe qué lle digo? Que traballando arreo vaise un defendendo. De calquera xeito, sempre millor que en Galicia, onde soio podíamos tirar da eixada e, se cadra, morrer de fame.

-Iso é verdá- aprobóu o Seoane.

-Certamente – confirméi eu.

O taxista foise estrevendo a máis.

-E non ha sere? O Estado leixóu decote a Galicia

na pobreza, sin que ninguén se ocupara de sacala da miseria. Eu non sei cómo pensarán vostedes, pro a min paréceme que a nosa terra inda merecía un chisco máis de atención. Digo eu...Porque a terra mala non é, nin os homes tampouco. Digo eu...E coido que non hai dereito a deixar aos homes sin axuda ningunha para que focen co arado i o rodo, e se o ano ven malo, que se fodan, e disculpen a palabra.

-Conformes.

-Eu non sei cómo pensarán vostedes –seguíu o taxista-, pro a cousa elle esí. A nosa terra coma terra é boa, non é por decir...O que compría era que alguén se ocupara de arranxar os negocios do labrador e todo o demáis. Que terra por terra non son millores as outras, nin sequer ista da Cataluña, con sere o que é, que non o nego. O que pasa é que lle veñen outros acorros. Nós, en troques, temos de emigrar á forza.

-É verdade- respondimos a unha o Seoane e máis eu.

Pois saben unha cousa? Eu non sei cómo pensarán vostedes, pro, se por min fora, arranxábase logo a cuestión: Puña unha raia coas Asturias, cos de León e cos de Zamora. E carabiñeiros ali pra non consentir que saíse cousa ningunha. E todo o que pagamos de trabucos, que non hai quen o arresista, quedaría pra nós, pra millorarmos aquilo cos nosos cartos. Que nos comen entre todos os outros, hom, que por iso estamos como estamos!...

-O peor é que a peseta seguiría rubindo ou baixando sin a nosa intervención, e nós sempre pagaríamos o gasto dun xeito ou doutro – retrousou o Seoane.

-A peseta non vale nada.

-Pro, sin pesetas, qué poderíamos faguer?

-Iso está resolto deseguida –dixo o taxista acenando cunha mau.

-E cómo? – demandéi eu, intrigado.

Non queremos pesetas, e xa está –aseverou con total convencemento o taxista.

-Non sei se entendo...- rosmou, incrédulo, o Seoane.

Eu compuxen unha faciana de estraneza.

O taxista ollounos un intre polo espello e remexéuse no asento coma sorprendido das nosas duras entendedeiras. Dimpóis falou nun ton que non admitía retruque:

Moi fácil: Pasándonos á área da libra, coño, á área da libra!

Chegábamos xa ao número 35 das Ramblas e baixábamos do auto o Seoane e máis eu. Dímoslle ao taxista tres pesetas de propina por parte do que marcaba o taxímetro. E colléunolas.

A MEICIÑA

-Qué? Sínteste millor, reina? Sandarás aixiña. Isto non é nada, xa o dixo o médico. Hala, acouga. Durme unha miga, filla.

A filla ardía coa febre. Arfaba.

O pai axeitoulle o embozo e deulle unhas palmadiñas nas meixelas.

-Hala...

Dimpóis saíu da habitación e foise sentar nun escano na outra banda da casa. Esbarábanlle as bágoas paseniñamente pola faciana.

Chegou o médico e foise directo a carón da doente. Ao cabo dun pouquichiño veu precurar ao pai.

-Don Nestor! Non está don Nestor?

-Estou eiquí. Entre, señor doutor. Séntese.

O médico sentóuse e ficóu calado. O pai calaba tamén. Pasaron minutos.

-Señor doutor: Pódese faguer algunha cousa? Fale sin requilorios, pídollo eu.

O pai preguntaba con voz fonda e bremante. O médico respostóulle cun ar de desalento:

-Coido que si, don Nestor, coido que algún remedio haberá...Pro eu non teño máis medios que os que teño. Comprirá chamar a algúns colegas de Ourense ou de Sant-lago...,si lle parez, digo.

-Chame a quen sexa, chame ao millor médico do mundo. Por cartos que non quede. Na súa mau o deixo. Non se demore, señor doutor.

-Vou logo ao teléfono.

A señora Tareixa, tía aboa de don Nestor, púxose de pé diante dil para dar remate ao diálogo:

-Ben, home, ben. Eu voume. Se teimas na túa, alá ti, Nestor. Ti sempre fuches moi herexe. A rapaza está moi maliña e pode morrer. Os médicos non curan máis que o Dios lles deixa curar. Nin os de Sant-lago nin os de Roma. Se ti non fas o voto, pode que o faga eu; pro non esquezas que non val o mesmo, feito polo pai que por unha vella tía que xa non poderá nin cumprilo...Alá ti!

-Escoite, tía Tareixa. Non se vaia, tía Tareixa. Agarde un pouco, muller. Non me metas nisas chafalladas. Xa lle dixen que van vir dous médicos de Sant-lago e dos de máis sona. A sona por algo a terán, non? Se iles non a curan...

-Esta ben. Eu voume. O culpado serás ti.

-Agrade, tía Tareixa...

-Adiós, Nestor.

O Xanciño do Couto, aínda que non llo dixera a ninguén, andaba namorado da filla de don Nestor.

Gostábanlle as súas trenzas loiras i os seus ollos azúes coma a auga do río, i aquil dengue no falar tan a modiño, i aquil xeito tan doado de estalicar unha miga os eses...Máis se non estrevera a llo dicir a ninguén. A ela, menos. Xesús! Por veces pasaba diante da casa de don Nestor i enxergaba pasmado o balcón onde a vira unha noitiña a regalas froles... E parecíalle que a ouvía cantar. Xesús!

Cando soubo da súa doenza, estreitouse o corazón. Cando soubo que era unha doenza grave, apertou os puños i as queixadas, botouse a camiñar á toa e, sin saberse un cadro mouro de soma. O Xanciño do Couto, adiantou pola foscura. Non se vía a imaxe da Virxe no camarín. Non se vía nada. O Xanciño batéu coas canelas no primeiro banzo da rubida ao altar, mancouse e cáseque caíu. Axoenllou no chau de pedra.

-Virxe dos Remedios, nosa Señora: Aínda que non a vexo, ben sei que está ehí...Ela chámase coma vostede, e seica se atopa moi maliña, e seica pode morrer. Eu son parvo, ben o conezo, pro tamén conezo que

vostede pode salva-la, se quere. Eu tragneréille unha ovella, a Xeitosa, que é a máis mansiña i a que dá millor lá; e raparéime o cabelo, que todos me gaban por tan rizo, i andaréi dous anos rapado. Xúrollo! Vostede curaráia...,non si?

Chegaron dous doutores de Sant-lago. Estiveron longo tempo coa doente, i afinal pecháronse co seu colega da vila nun salón. Falaban e falaban...

Don Nestor, entramentras, non parara de paseiar pola galería, atrás i adiante, con canga baixa i as maus nos bolsos do pantalón. Un dos médicos abriu a porta e chamóuno:

-Vela, don Nestor.

O pai avencellóuselle, tremente.

-Ben, don Nestor –dixo un dos médicos, o da barbiña i os anteollos de ouro-, a cousa non é de risas, i aínda hai meiciñas para istes casos...entende? Que vaian depresa á botica coista receta.

Apricáronlle os remedios. Ao día seguinte a rapaza millorara. Xa emprincipiaba a marmurar algunhas verbas i a abrir os ollos azúes. I hastra a sorrir para o pai.

-Xa pouco resta para que esteas ben de todo. Agora durme, meu sol.

A rapaza sorriu, recostou cara a banda do pai a fermosa cabeciña e por fin durmíuse. Moi docemente. Respiraba ben, a bo compás. A millora viñera, vaia. O pai sorriu tamén ollando para ela, véndoa tan belida e serea, tan millorada...

Pagóulle aos doutores. Non lle pareceu caro. Aínda lle pagaría dobre.

-Qué, tía Tareixa? Son eu o culpado, non?

Aquela mesma mañá, ao raiar o sol, o Xanciño do Couto leváralle a Xeitosa á Virxe dos Remedios. En canto o señor abade se meteu na sancristía a se revestir, para a misa, o Xanciño deixou a ovella, pexa-

da, ao pe do camarín. Dimpóis saíu correndo para que ninguén se decatara de que a levóu il.

Cando camiñaba cara á súa casa por unha corre道ira, un mozo veciño, que voltaba de tornala auga do lameiro, chamóuno berrando:

-Xanciño! Ai Xanciño! E qué diaño fixeches do teu pelo rizo? Quén te rapóu? No, pois esí coído que non vas achar moza que te queira. Vallate Dios! Crouco rapado, faime un arado! —e ríase de gana.

O Xanciño non lle respondéu nin lle deu tino. Seguíu camiñando i asubiando coma se non escoitara. “Xa se afaguerían todos a velo esí”. Porque il pensaba andar rapado por dous anos que non son dous días...

UN VIAXE A CELANOVA

Non digo novidade ningunha se digo que Celanova é unha vila de engado: Lenda, feituca, ben posta, xentil, cun mosteiro moimental e unha paisaxe verdescente. Ir a Celanova aprácelle a calquera. A min ir a Celanova non só me aparece, coma a todos, senón que, por parte, reméxeme por adentro lembranzas lonxanas, espreguizame saudades adormentadas, aivéntame arelas esquecidas. No seu témero mosteiro de San Rosendo agromou a adolescencia dun neno delgado de ollos grandes que ás veces penso que nunca existiu. Hai tempo escribín encol daquel neno un poema do que rexurden agora ester versos:

“Ai once, doce, trece, catorce anos!
¿Qué segredos perdidos na distancia?
¿Qué símbolo ou qué nome?
¿Qué illas aguacentas?
¿Cantos nós de camiños a ceibarse nos tesos?
¿Qué fiestra para abalar un pano branco?

Aquel neno, se existiu, era eu. Compréndese, xa que logo, este vencello avelaiño, malencónico, que me xungue a Celanova.

A vila de Celanova, a maiores de por belida, ten outras cousas das que se gabar, por exemplo a de ser berce de homes esgrevios, empezando por Curros, o noso gran Curros Enríquez, que se nos amosa meirande cantos máis anos pasan sóbor del e da súa obra. Aquel vran de 1951, a Academia Galega e outras entidás acordaran celebrar na vila unha festa literaria en homenaxe ao poeta co gallo do centenario da súa nacemento.

-¿Que che parece se o domingo fóramos a Celanova...?- preguntóume Vicente Risco cando voltabamos dunha das nosas paseatas polos arrabaldos do Castro de Caldelas.

-Home, ir a Celanova paréceme sempre ben –repuxen-. E ir alá por Curros paréceme aínda millor.

A vila de Celanova, a maiores de por belida, a maiores de polo mosteiro, a maiores de por patria de Curros, distinguíuse pola fonte da súa praza principal, unha xeitosa fonte de catro canos ou pichos que botaban auga cara os catro puntos cardinais. Os

canos so sul, do leste e do solpor verquían uns xorros inocentes, sans, inofensivos. E tampouco o xorro do cano do norte, tan cristaiño coma os outros tres, delataba particularidade ningunha que non fora da mesma inocencia virxinal. Bulíame, descasí, na memoria que o Vicente, nalgunhas das moitas nosas paroladas, dixérame algunha vez que, asegún a voz do pobo, da auga do cano do norde beberan don Paco Roque, don Castor Méndez Brandón, o poeta e barítono celanovés, e incluso o tan afamado don Xoán da Cova Gómez cando iba de Ourense a Celanova por encárregas de agrimensura, e que, con razón ou sin ela, a xente colléralle medo aos efectos desa auga nos celebres...

Boh, contos de camiño!

Conque o domingo marchamos a Celanova, Vicente Risco e máis eu, nun fotingo que eu tiña daquela, duro coma unha pedra, pero que, o mesmo que algúns cabalos, esixía certos coidados garimosos do dono para avanzar xangal, verbigracia: que lle deran moito de beber. Eu, para telo da miña parte, aproveitaba as

fontes e fontelas espalladas ao longo das estradas. Levaba sempre unha regadeira, e aixiña que lle reparaba no suor, que ás veces rubía en mestas bafaradas polo cume dianteiro, dispúñame a refrescalo na primeira fonte. E o automóvil, agradecido, tiraba logo cun verdadeiro alegrón: coma un cabalo e adiós.

Pois, asegún dixen, o domingo marchamos no meu automóvil. Aló por metade da costa de Vilariñofrío debéu de quecer, pois escomenzóu a dar espirros e a facer uns estranos para os lados como se protestara ou esbarazara a mantenta no chan. O Risco, moi escozoso, díxome:

-¿El non nos dará un desgosto este chisme? Convirá que andes con ollo.

-Home, non creo. Son cousas da mecánica, sin importancia- contestéille.

-Serán, serán, pero as máquinas tamén teñen as súas vértolas –rosmóu entre dentes cunha crara desconfianza.

Na fonte do Rodicio bebimos nós os dous, i enchín o radiador daquela auguiña tan xebre, tan frieira; e o coche non ascondéu o seu agradecemento. Polo pronto, no resto do viaxe non se volvéu espantar, de xeito que Vicente Risco medio foi recuperando a tranquilidade.

-Auguiña do Rodicio! Haiche augas e augas, Vicente -dixen-.

-Neso estou eu... Que son moi diferentes unhas doutras, para bebelas e... para todo.

Chegamos ao noso destino sin outros trambilicos. Era unha mañá quente, limpa, lumiosa, de ceo moi azul e traslúcido que, estando no agosto, lembróume de súpeto as vellas mañás de maio, azougadas de chíos de paxaros nas que o neno delgado de ollos grandes, contra unha baranda do mosteiro cara a Coutada, abesullaba os xogos do sol nas follas do alboredo, o bico do vento nas ponlas, o tolo revoar das anduriñas no seu ir e vir sin folgo aos niños do veirado, o misterioso espertar do mundo, tan alleo

a esquemas de razón coma o espertar dos nenos á adolescencia. “Saudades fóra”, díxenme.

Deixamos o auto na praza, i entramos no patio neoclásico do mosteiro (o que fora o noso campo de fútbol!) onde xa resoaba a verba patricia de don Ramón Otero en louvanza do gran poeta: “A voz de Curros, voz dunha terra sin voz, voz latexante destes eidos...”

-Fala ben don Ramón, ¿eh?

-Home!

Despois, seguindo o programa nunha sala escura e largacía do piso baixo, de paredes e abóvedas de pedra –nourora refectorio dos monxes, nalgún tempo trágica cadea, afinal espacio vougo- celebróuse unha xuntanza da Real Academia Galega para recibir a dous membros novos. Presidía a venerable figura de don Manuel Casás, ao que Deus teña en gloria-, varón afeito á solemnidade, que abalaba unha campaña e pronunciaba con voz ecoante as académicas fórmulas rituás. Naquela húmida e sombriza soedade

monástica, arredada do sol e mesmo da luz, sentíase ún trasladado a un mundo fuxido, angurioso e incomunicable. Menos mal que o acto non durou moito. Sería o sitio, serían as súas evocacións, sería a fame (pois xa eran as tres), o certo é que a min entráronme ganas de chorar. Por fin saímos afora, á luz, que alí dentro semellaba un ben lonxamente perdido.

De contado, nos claustros servíuse un banquete. Eu tiña ao meu lado ao Celso Emilio Ferreiro, antigo compañeiro da escola, que acababa de gañar un premio por unha biografía de Curros, e aledeime moito de velo, pois non o vira desde que estudiabamos xuntos e rinme de gana durante o xantar coas churrusqueiras e intelixentes saídas do seu inxenio ricaz.

Rematado o xantar, descubriron na rúa un busto de Curros, tocóu a banda de música, cantóu un cura, falou don Manuel Casás, houbo ofrenda foral, todo moi axeitado. Iba xa caíndo o serán daquela diada de afervoado homaxe a ún dos millores fillos de Gali-

cia. O Risco e máis eu despedímonos dos moitos bós amigos, e tratamos de voltar ao Castro. Fomos á praza, onde deixáramos o coche.

O Vicente montou nel, i engurriñóuse no asento da direita. Eu, dinantes de porme ao volante, conforme ao costume e aproveitando que a fonte estaba a dous metros, dispúxenme a botarlle ao coche unha auguiña de frescos. Levantéi o capó, desarrosquéi o tapón, saquéi a regadeira, coloquéina debaixo do xorro dun dos canos hastra que esbombóu, i escomecéi a verquer a auga no radiador. Sinxelamente, con naturalidade, sen receo ningún, podo xuralo. E de sócato quedéi estarecido, coma paralizado coa regadeira na man. Polo oco dun cristal do coche acababa de emergullar a cabeza de Vicente Risco cos ollos espaventados, os seus louseños brazos acenando cara o radiador, a súa forte voz non son entre de súprica e de mando:

-Do cano do norte, non! Do cano do norte, non!
porque se cadra despóis non o dominas!

Ainda coa regadeira en alto olléi para a fonte, e so-
mentes entón me decatéi de que collera a auga do
cano do norte, por casualidade, xúroo, que non vai
estar ún sempre pensando nestas cousas...,que po-
den ser chafalladas, digo eu, non sei, porque o feito
de que dese cano bebían don Paco Roque, don Cas-
tor, don Xoan da Cova...,se é verdade, arreguízalle
a ún unha miga o corpo.

Total: Que polo si ou polo non, en defensa da nor-
malidade mental do automóvil, tiven que meterme
debaixo del para valeirar o radiador por unha bi-
lla cúaseque ascondida entre manguetas ballestas e
outros ferraganchos cheos de grasa lordenta, e coa
grasa e co ferruxe escaralléi o traxe que levaba pos-
to, e amaldizoéi a sorte de irme tocar, entre catro
pichos, xustamente o do norte, tamén é boa.

Ao final pechéi a billa, i enchín outra vez o radiador,
agora con auga do cano do sul, perante o compra-
cido sorriso de Vicente Risco, que asentía coa ca-
beza.

Ora eso si, o viaxe de volta, non é por dicir, pero foi coma unha seda: o coche rubía as reviravoltas do Rodicio cunha raza que nin un potro do curro de Sabucedo fóra a alma, e sin interquenencias, Dios sexa louvado.

-Salvámonos de boa!- foi o comentario do Vicente cando chegamos felices ao Castro.



Orencio Pérez González

Orencio Pérez González foi un funcionario que asumíu un compromiso persoal coa lingua e co país. Nado en 1928 en Trabazos, Castro Caldelas, estudou o Bacharelato nos Escolapios de Monforte e traballou un tempo como mestre na academia que os coñecidos irmáns Saco, perseguidos polo franquismo, tiñan na rúa Petín de Ourense. Máis a súa vocación era outra e axiña marchou estudar Dereito en Compostela, tralo que exerceu como avogado uns anos. Despois viñeron as oposicións a secretario xudicial, que gañou co número 1, e anos máis tarde o ingreso na carreira xudicial. Desde 1989 e ata a súa morte, acaecida en 1998, foi maxistrado titular do Xulgado de Instrución número 5 de Vigo. Durante este período desenvolveu toda a súa actividade profesional en lingua galega, recibindo diversos premios e recoñecementos públicos.

Pertenceu á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

Publicou en diversos xornais galegos artigos de opinión e algunha colaboración literaria en obras colectivas.

A LEI Ó REVÉS

Hai agora sesenta anos que un dos máis eminentes patriotas galegos, economista de gran sona e funcionario da Delegación de Facenda de Pontevedra caía baixo as balas asasinas na Caeira. Trátase de Alexandre Bóveda, home leal onde os haxa, que foi sometido a proceso por rebelión militar, cando o único que fixo foi permanecer leal ó goberno lexítimo da República mentres que os que o xulgaron eran precisamente os que se rebelaron contra a legalidade republicana. É un caso de surrealismo, un puro proceso kafkiano que sería para producir risos, se non tivera ocasionado sangue e bágoas, xa que se daba o caso de que os xulgadores eran os rebeldes e os que deberan ser xulgados.

Era Bóveda membro destacado do partido galeguista, redactor do proxecto de Estatuto en materia económica e intelectual de altos vóos no campo do galeguismo e precisamente esta cualidade de intelectual aguzou a xenreira dos seus verdugos xa que eles sabían que un pobo privado dos seus dirixentes é un pobo manexable e isto foi o que quixeron conseguirlos factores de “España Una”.

Hoxe, que en sectores oficialistas xa se acepta o nome de Castelao, máis discutiblemente o seu pensamento, pasan con indiferenza sobre a figura de Alexandre Bóveda e prefiren non mentalo, e en dúas ocasións o Parlamento Galego rexeitou a iniciativa de declara-lo 17 de agosto como Día de Galicia Mártir e mesmo a Deputación de Pontevedra e mailo seu Concello non acolleron a proposta de nomealo fillo predilecto.

Esta situación debe acabar, calquera goberno debe honrar ós que loitaron para que Galicia poidera chegar a ter goberno de seu e mesmo pedi-la revisión do proceso que determinou a súa morte.

Non se trata de remove-lo pasado, senón de facer xustiza histórica e de que os galegos coñezamos a nosa propia historia. A Fundación Alexandre Bóveda coa colaboración do Concello de Poio inaugurarán un monumento ó mártir da Patria no sexésimo aniversario do seu pasamento. Que cunda o exemplo.

(Faro de Vigo, 17.8.96)

AMOR Á LINGUA

A nosa lingua, fala na que se expresaron os nosos devanceiros, na que o pobo sinxelo cantou as súas dóres e inquedanzas é a meirande creación artística do pobo galego ó longo dos séculos, é vencello que nos une a tódolos galegos que foron, somos e serán, dende a Baixa Idade Media ata consumarse as mil primaveras que o inmorrente Alvaro Cunqueiro profetizou para o noso idioma. O falar unha mesma lingua únenos ós que naceron en lugares tan distantes coma os duros cantís de Fisterra ata os mornos vales do Sil, desde as terras batidas polas ondas do Cantábrico ás mansiñas augas das Rías Baixas.

Se os galegos podemos ter o lexítimo orgullo de pertenza a unha Comunidade diferenciada é por obra e graza da lingua, pois Galicia é tal por ter lingua de seu e o seu uso faránnos libres como colectividade e como persoas. Xa que como dixo Goethe: “Só aquel que soubo conquistar cada día a súa liberdade é dino, debe ser libre”.

O ter lingua propia e falala debe ser un timbre de gloria para todos os galegos, e non se concibe a

deserción dos que esquecéndose da fala dos seus pais empezan a usar outra allea, dando unha penosa sensación de avergonzárense das súas orixes e esbardallan contra a súa fala, pero a Historia situará a cada quen no seu lugar e nunca os desertores, renegados e desleigados, tiveron posto na Historia, máis que aquel ben triste de “Roma non paga traidores”. A todas esas xentes cabe preguntarlle ¿cómo pretendedes ser galegos se non sabedes falar a vosa lingua?.

Por circunstancias históricas o galego foi expulsado dos usos oficiais, pero conservado polo pobo sinxelamente, principalmente polos labregos e mariñeiros, malia a deserción da aristocracia e despois da burguesía e a aquela xente é a que debemos o conservar a fala, xa que como dixo o escritor francés Daudet: “Cando un pobo cae na escravitude, se conserva a súa lingua propia é como se tivera a chave da prisión”. Pobos asoballados como o polaco rexurdiron e foron ceibes grazas a que conservaron a súa lingua. Un pobo é máis culto e é tanto máis respetado canto máis amor demostra polo que é seu.

Vaian agora, no abrente de 1995, os meus saúdos garimosos para tódolos galegofalantes, especialmente para os pais que rexeitando certas modas, seguen a falarlle ós seus fillos na lingua da terra, ós mozos e mozas que seguen a empregar a nosa fala, ós escritores, xornalistas e artistas que desprezando pobres melloras económicas, seguen a facer a súa obra en galego, ós que desde as diversas administracións, desde as oficinas ou os obradoiros, seguen a teimar pola nosa fala. Eles están a facer Patria.

(Faro de Vigo, 15.01.95)

DEREITO E LINGUA

A Lingua e mailo Dereito son os dous sinais de identidade máis característicos dunha nación, pois ó carácter e modo de ser dun país corresponde certo xeito de falar e tamén as peculiaridades das súas institucións xurídicas.

Así un país de sentido artístico tan desenvolvido como é Italia sacou unha lingua de xiros harmónicos, como o italiano, e así como unha nación de “estepas e páramos sen fin” tan pegada do seu que en palabras do poeta Machado “despreza canto ignora” como é Castela, xerou unha lingua dura e cortante como o castelán, que se vai docificando a medida que camiña cara ó sul, consonte co país que a usa como Andalucía, Canarias, Latinoamérica e tamén é natural que un pobo tan pragmático como o galego, cunha paisaxe de montes suaves e vales amantiños, de clima morno, fale unha lingua doce, sen xiros terminantes.

O mesmo cabe dicir no tocante ó Dereito, de xeito que cada país creou o Dereito que o modo de ser e necesidades da súa poboación demandan. Diciáme

un amigo catalán falando dos rexímes matrimoniais que era normal que o sistema de gañanciais estivese vixente nun país de campesiños como Castela, pero que non servía para unha nación de comerciantes como Cataluña onde a temeridade nos negocios dun dos compoñentes da parella poidera acarrexar a ruina do seu consorte e por esta razón o rexíme normal é o de separación de bens.

Por estas razóns Lingua e Dereito van intimamente unidas á idiosincrasia de cada pobo, de tal xeito que a expresión oral ou escrita dunhas institucións xurídicas perde forza cando se fan a través doutro idioma. Vén isto a conto porque co gallo da publicación da Lei do Dereito civil de Galicia editáronse algúns artigos e déronse conferencias no noventa por cento dos casos na lingua de Cervantes e non na de Pondal, oíndose pérolas do xeito: “los muiños de los herdeiros”, “Los montes veciñais”, “las agras e los vilares”, ou falar “del cómaro de las leiras extremeiras”. Pero non todo vai nesa dirección, pois hai pouco atopei unha obra titulada “Régime económico-familiar e sucesorio na Lei do Dereito Civil

de Galicia” e cando vin ó autor decateime de que se trataba do meu amigo Victorino Gutiérrez Aller, que usando a nosa lingua, coma sempre fai, realiza un estudio sinxelo pero ricaz e clarexador das institucións que lle dan título á obra. As miñas felicitacións para o seu autor e que o exemplo cunda.

(Faro de Vigo, 17.05.97)

EN LEMBRANZA DE MANUEL AZAÑA

Nestes días luminosos de primavera, cando se cumpre outro ano da proclamación da II República, quero adicarlle este pequeno traballo a quen fora alma e vida daquel réxime e quizáis máis completo personaxe do século XX, Manuel Azaña.

Era intelectual de altos vóos, escritor, elegante, un dos máis grandes en lingua castelá deste século e principal inspirador da política republicana onde foi Ministro da Guerra, despois Presidente do Goberno, cargo do que dimitiu en 1933, voltando en 1936 tralo triunfo da Fronte Popular nas eleccións do 16 de febreiro dese ano e que deixou para pasar a presidir a República e como Presidente sofre a enorme traxedia da “guerra incivil”, percibindo claramente que o resultado sería que todos foramos os vencidos e cando as tropas franquistas ocuparon Catalunya dimitiu e morreu pobremente en Moutban en 1940.

Agora, que se exalta a personaxiños de ambigua conduta facéndoselles verdadeiras haxiografías, coido que é hora de lembrar a quen foi tan honrado

que por moito que os seus inimigos, que os tivo a eito, intentárono, xamais o poideron acusar dunha corrupción ou de tolerala.

Foi un home que quixo facer de España un país europeo, procurando que deixase de ser un país feudal onde bateu con moitos intereses que lle fixeron imposible a súa tarefa, decatouse, claramente do feito diferencial de certas partes do territorio do Estado e sacou adiante o Estatuto de Catalunya, malia a oposición que atopou.

Percibíu claramente a desgraza da guerra e cando Madrid estaba sometido ós bombardeos da aviación franquista, puxo o máximo coidado en que se salvarsen as obras do Museo do Prado, dicindo: “Despois de mil anos ninguén se lembrará de Franco nin de mín, máis si das Meninas”.

Fronte ás baladronadas dos sublevados, contra o berro negativo dun Millán Astray -¡Viva la muerte, muera la inteligencia!- diante dunha Igrexa que aliándose cun cando falaba dunha Cruzada, el

considerou como a maior calamidade que puido acontecerlle a un pobo, copio unha parte dun discurso en catalán, no seu idioma, pronunciado en Barcelona durante a guerra:

“Pero es obligación moral, sobre todo de los que padecen la guerra, cuando se acabe como nosotros queremos que se acabe, sacar de la lección y de la musa del escarmiento del mayor bien posible, y cuando la antorcha pase a manos y otra vez el genio español vuelva a enfurecerse con la intolerancia y con el odio y con el apetito de destrucción, que piensen en los muertos y que escuchen su lección: la de esos grandiosos y que ahora, abrigados en la tierra materna ya no tienen odio, ya no tienen rencor y nos envían, con los destellos de su luz, tranquila y remota como la de una estrella, el mensaje de la patria eterna que dice a todos sus hijos: Paz, Piedad y Perdón”.

Tal era o home.

(Faro de Vigo, 10.05.95)

¿ESTADO LAICO?

Dous artigos dos meus amigos Xosé González Martínez e Xosé Luís Méndez Ferrín, publicados neste mesmo xornal sobre a contínua presenza das autoridades civís presidindo actos da relixión católica e mesmo a atribución de cargos militares honoríficos a determinadas imaxes, extrañándose que tal cousa acontecese nun Estado laico fixéronme reflexionar sobre se o Estado español é un estado laico, aclarando que un Estado laico non é un estado antirreligioso, senón un Estado que protexe a liberdade de cultos e garantiza a pluralidade de credos relixiosos que debe conducir a que o Estado non pode conceder subvencións ou privilexios a unha determinada confesión nin as autoridades tanto estatais, autonómicas ou locais non deben presidir actos de culto de ningunha confesión.

A Constitución española de 1978 regula o tema no artigo 16 que é un modelo de antigüidade que se completa no artigo 9 do artigo 27, lonxe da claridade con que regulaba o tema o artigo 26 da Constitución republicana de 1931, a máis democrática das nosas constitucións.

O poder político sempre buscou sumar elementos lexitimadores para atopar obediencia e sumisión, valéndose da relixión como un destes elementos pero o poder eclesiástico non só se deixou utilizar, senón que o procurou xa que con isto estendía a súa influencia máis aló do ámbito que lle era propio.

Ámbolos dous poderes engoioláronse e refugáronse mutuamente procurando, cada un, sacalo maior proveito desa colaboración, se ben en España a Igrexa sempre levou a mellor parte.

A separación do Estado xa estaba acordada polo Concilio Vaticano II, que o Estado franquista nunca quixo aplicar na súa integridade.

Logo, antes de aprobarse a Constitución, o goberno da UCD celebrou uns concordatos co Vaticano, cando a Constitución xa estaba redactada, que non se axeitaban á Constitución, que estaba a promulgarse e que foron aprobados polas Cortes o día 3 de xaneiro de 1978, cando había uns días que en-

trara en vigor a Constitución, sen que ningún dos partidos do arco parlamentario se atrevese a impugnalos perante o Tribunal Constitucional, se ben este manifestou nalgunha das súas sentenzas dúbidas sobre a constitucionalidade de tales acordos.

Logo, baixo a vixencia da actual Constitución, as novas autoridades elixidas democraticamente, agás uns poucos, deveceron por amosárense presidindo procesións coa compracencia das autoridades eclesiásticas, aínda que houbo algúns casos como o do Cardeal Primado, que lle impediu a certo Ministro que presidise a procesión do Corpus, en Toledo, pero, en xeral, o clero sentiuse afalagado con esta mestura cos gobernantes de turno, o que lle permitiu continuar as intromisións máis ou menos desimuladas en asuntos temporais.

(Faro de Vigo, 15.9.97)

GALICIA SEGUE A ESTAR REPRESENTADA POR ZAMORA

No ano 1348, reinando Alfonso XI, privouse a Galicia de representación nas Cortes do Reino, encargándose á cidade de Zamora de falar por ela, quedando o noso país sen representantes nas Cortes e sendo os procuradores dunha cidade allea os que tiñan a súa representación naquela asemblea.

Esto provocou que o País, se ben formalmente integrado na Coroa de Castela, se vise sumido nunha situación colonial sen ter voz nin representación nunhas Cortes onde se decidían os asuntos que lle afectaban.

Hoxe, pasados bastantes séculos daquel episodio, a situación segue a ser semellante. Non é que hoxe os deputados e senadores da cidade castelá segan a falar por Galicia, máis si que, a diferenza doutras nacionalidades históricas como son Euskadi e Cataluña, que teñen forzas parlamentarias propias, os representantes eleixidos por Galicia pertencen a dous partidos mesetarios nos que a obediencia a Madrid e maila disciplina de voto prevalecen sobre os intereses do País que os eleixiu.

Disto tivemos o exemplo non hai moitos anos cando estaba a redactarse o noso Estatuto en que os deputados de UCD, entón partido maioritario en Galicia, aceptaron coa docilidade de mansos cordeiriños a famosa cláusula do artigo 32-4, que valeiraba de contido as poucas concesións que nos facía o Estatuto; e máis tarde nas negociacións para a entrada nas Comunidades Europeas os intereses de Galicia foron postergados en beneficio doutras nacións con representación de seu e co colmo da desvergoña cando a Televisión española estaba a celebrar a entrada no Mercado Común e a sinalar os beneficios que para as distintas Comunidades do Estado tería tal feito, dísenos que para Galicia o beneficio sería que os traballadores galegos poderían ir libremente a traballar ós diferentes países que integraban a Comunidade Europea, ou sexa que seríamos exportadores de man de obra barata. Así as nosas conservas, construcións navais, explotacións leiteiras foron sacrificios a intereses alleos.

Visto o resultado das últimas eleccións xerais o panorama non parece cambiar, pois foi elixido un lote

de deputados cuneiros que só naceron en Galicia e que desenvolveron a súa actividade en terras alleas e dos que se lembran os aparatos dos partidos para presentalos por Galicia, porque aquí se pasa todo o que con desprezo da nosa lingua fixeron en Albacete, Toledo ou Valladolid, nos que os problemas de Galicia nin son mentados nin lles preocuparon ren.

Despois dos comicios escoitei laiarse a moita xente “é unha vergoña que os vascos, os cataláns, e incluso os canarios, os aragoneses e valencianos, teñan representación de seu nas Cortes de Madrid” e sen embargo non se queixen da xente que presumiblemente non votou as opcións galegas, que moi desunidas ou envoltas con outras centralistas, se nos ofertaron. A esta xente débeseles lembrar que as representacións conquírense con votos e non con laios e que candidatos que desprecian a nosa lingua, o maior sinal de identidade de Galicia e cerne da Nación, e que sacrifican os intereses galegos ós centralistas con tal de ter un posto ó sol do poder, endexamais serán uns dignos voceiros de Galicia.

(Faro deVigo, 4.05.94)

LOUVANZA DA REPÚBLICA

Cúmprese por estas datas un ano máis -e van sesenta e tres- daquel 14 de abril de 1931 en que se proclamou a segunda República e deu a este País o primeiro sistema democrático que tivo.

Foron anos, senón felices, si esperanzadores e ilusionantes nos que se xestaron algunhas das normas máis progresistas ata entón coñecidas, voto da muller, estatutos de autonomía, Tribunal de garantías constitucionais, separación de poderes, elección por sufraxio universal de tódolos cargos políticos, cooficialidade das linguas minoritarias co castelán, plasmándose na Constitución de 1931 que foi unha das máis avanzadas na súa época, ata o punto de que moitas das súas disposicións son recollidas pola actual de 1978.

Quizais por iso considerouse a verba “república” como sinónimo de “democracia”, tal como xa fixera Aristóteles que sinalaba como forma de goberno a monarquía, a aristocracia e a democracia e aínda hoxe na lingua grega non existe a palabra “república”, xa que esta forma de estado chámase co mesmo nome que lle dera o filósofo estaxirista: “democracia”.

Evidentemente, se “democracia” significa “gobierno do pobo” por medio de gobernantes libremente elixidos, máis un abano de liberdades como prensa, expresión, reunión, asociación, respecto ás minorías, etc. como dixo Lincoln “gobierno do pobo, polo pobo e para o pobo”, tal conxunto só se pode dar por completo nun sistema republicano, xa que se ben poden existir nalgunhas monarquías constitucionais moitas das notas que caracterizan a un sistema democrático, e de feito existen, países escandinavos, países do Benelux, Reino Unido a actual España, a todas lles falta algo que define ás democracias, xa que un cargo de tanta importancia como é o de Xefe de Estado está vinculado a unha persoa ou familia e substraído á libre elección dos cidadáns. Pode haber monarquías con máis ou menos contido democrático pero non completamente democráticas, xa que ambos conceptos son excluíntes entre si, nun réxime haberá tanta máis democracia canto menos haxa na monarquía.

Pensar que é posible unha mestura de democracia e monarquía é algo fantasioso, xa que o contido das dúas formas non son compatibles como non existe unha mestura entre a auga e o aceite.

Acaso nun intre de grave crise -23 F- poidera parecer que existe unha mestura homoxénea, máis recuperado o estado de repouso sempre a auga quedará debaixo e o aceite aboiará sobre ela.

Acostuman a pornos como exemplo de sistemas moi democráticos os de Suecia ou Holanda, sen mentar como tal exemplo a Suiza, que si é un país cunha democracia sen limitacións, que o pobo decide todo, que é tan respetuoso coas minorías, que malia co 67 por cento da poboación fala a lingua alemana, proporción máis grande que a de territorios de fala castelán en España, ninguén pretende impolo como lingua oficial única ou preferentemente ás outras tres linguas, francés, italiano e romanche que son completamente respetadas e oficiais nos cantóns que as falan.

En tal País tómanse a maioría das decisións por referéndum popular e nin sequera existe o cargo de Xefe de Estado, pois os membros do Consello federal exercen as súas funcións por quenda.

(Faro de Vigo, 14.04.94)

NÓN Á PENA DE MORTE

Hai agora vinte anos executáronse as derradeiras condenas a morte en España. Cinco homes foron fusilados no mencer dun 27 de setembro de 1975, sacrificados por razóns de Estado, dun poder ditatorial que mataba para subsistir.

Non me vou referir ó absurdo dun Réxime imposto pola violencia e máis polo terror e que por estes medios pretendía perpetuarse, nin á falta de garantías procesuais duns consellos de guerra sumarísimos que impuxeron as condenas, senón á inxustiza mesma desa pena de morte que, non importa quen a impoña e as súas circunstancias, xamais será un acto de xustiza e si de vinganza.

Evidentemente, o dereito a castigar nunca pode chegar á eliminación física dun ser humano. Poñer nas mans duns homes o dereito a dispoñer da vida doutros é algo inicuo ou contrario á dignidade da persoa. E recoñecer que a persoa está ó servizo do Estado e que este pode eliminalo cando lle conveña ós seus intereses é monstruoso, xa que a persoa non está ó servizo do Estado, senón que é xustamente o contrario.

Recoñece-lo dereito a quita-la vida a unha persoa nun acto non punible é abrialle-las portas a toda caste de ataques á integridade física das persoas, xa que se se pode face-lo máis -matar- tamén se pode face-lo menos como torturar, mutilar, azoutar. Acepta-la pena de morte é aceptar calquera violencia.

Sempre resultou que a pena de morte recaeu nas persoas máis desfavorecidas da sociedade, nas clases marxizadas, así, nos Estados Unidos, impónselle, case nun oitenta por cento a persoas de raza negra. Tampouco a pena de morte, desde o punto de vista penal cumpre a finalidade de toda pena, que é a de reforma-lo delinciente e reintegralo á sociedade, pois o que fai é eliminalo.

Ademais, a pena de morte é irreparable, no caso dun erro xudicial, xa que calquera outra pena pode ser reparada, pero non a de morte.

En España aplicouse abondosamente a pena de morte, non só para delitos comúns, senón tamén

por motivos políticos, relixiosos e infinidade de actividades que hoxe son lícitas. A Constitución da segunda República suprimíuna, pero os sublevados contra a legalidade republicana restablecérona por un Decreto do 5 de maio de 1938, aínda que xa levaba dous anos aplicándose a oito por medio dos Tribunais militares e nos longos anos da Ditadura nunca se deixou de facer uso dela.

Afortunadamente, xa que a Constitución de 1978 voltou a suprimila, agardamos que sexa para sempre e que as últimas execucións sexan as derradeiras.

(Faro de Vigo 27.09.95)

O HIMNO DE RIEGO

Tense dito que os himnos teñen a súa orixe nos grandes movementos populares, agromando do espírito do pobo que os fai seus e non deixan de ter certo fundamento os que así pensan verbo do nacemento destas cancións solemnes e patrióticas á vez.

Todos reflicten nos seus aires e nas súas letras o carácter do pobo onde nacen e así obsérvase que os países graves e fríos do norte teñen como un canto solemne e que nos meridionais convértese nun canto de ritmo máis lixeiro.

O actual himno español, a chamada Marcha Real, ten a súa orixe no seguinte episodio: Impresionado o Rei Carlos III polas vitorias militares que ía conseguindo o seu colega de Prusia, Federico II mandou ó seu ministro, o Conde Aranda, xunto ó Rei de Prusia para que lle ensinara os segredos da súa arte militar, porén Federico non era parvo e non estaba polo labor de ensinarlla a quen podía se-lo seu competidor no campo de batalla e para non manda-lo viaxeiro coas mans baleiras deulle unha

marcha militar que lle prepararan os seus soldados para el e que agasallaba con ela ó Rei de España. Era a coñecida marcha, primeiro “La Granadera”, que posteriormente converteuse no himno nacional co nome de Marcha Real, aínda que non foron quen de lle adaptar unha letra malia os fallidos intentos de Marquina e de Pemán.

O Himno de Riego que foi o himno nacional durante a segunda República, si que ten unha orixe eminentemente popular e lembra un feito concreto como foi a proclamación por Riego o día 1 de xaneiro de 1920, da Constitución de 1812, fronte ó absolutismo de Fernando VII e por iso se lle puxo á canción xurdida daquel acontecemento o nome do autor do restablecemento das liberdades. Houbo dous himnos con este nome, o primeiro da autoría dun oficial chamado Miranda, antigo axudante de Riego, que foi substituído polo tamén do militar José María Ricart i Campóns ó que se lle engadiron uns versos de Evaristo San Miguel. Por un decreto publicado na Gaceta do 7 de abril de 1922, declárouse marcha nacional o Himno de Riego.

Representa a mellor tradición liberal e democrática española e entre as cancións con que o pobo celebrou, en 1931, a proclamación da Segunda República impúxose esta que a República declarou como himno nacional e así, cando óes, lector, unha marcha de notas sinxelas e vibrantes: *“soldados la patria nos llama a la lid/juremos por ella vencer o morir”*, saibamos todos que cos seus sons restableceu-se a Constitución de 1812, e fíxose a Revolución chamada “La Gloriosa” de 1868, que os seus sons celebraron a proclamación da República o 14 de abril de 1931 e cantando este himno o Pobo español loitou contra o fascismo naquela guerra que lle impuxeron.

(Faro de Vigo 14.4.98)

“O VITALICIO” NO DEREITO CIVIL GALEGO

Dí Lermenier que o “Dereito é a Vida”, o que pode semellar unha esaxeración. O certo é que se non é vida seguir tódalas evolucións da mesma dentro dunha sociedade e no círculo das relacións que constitúen a total orde xurídica e velaquí o acerto do aforismo romano: “Onde existe unha sociedade existe o Dereito”.

Vén isto a conto porque hai pouco publicouse a Lei do Dereito Civil de Galicia, a máis importante para a nosa terra desde a publicación do Estatuto de Autonomía e que pasou case desapercibida para os medios de comunicación social e para os cidadáns, agás para os xuristas.

Non pretendo nestas liñas facer unha glosa da Lei, que excedería dos límites sempre curtos dun artigo e aínda recoñecendo a conveniencia de que os medios de comunicación social foran dando a coñecer diferentes aspectos da lei, quero referirme hoxe a unha institución que foi xurdindo para crea-lo afrouxamento dos vencellos familiares na sociedade moderna e para poñer remedio á situacións de abandono

no que poden atoparse certas persoas na derradeira etapa da súa vida. Estoume a referir ó VITALICIO, que é un contrato polo que unha persoa cede a outra todos ou parte dos seus bens, a cambio de que esta lle preste asistencia de por vida. Vén regulado pola Lei do Dereito Civil de Galicia que o recolle e describe no artigo 95 e seguintes, dicindo “que polo contrato de vitalicio unha ou varias persoas obríganse verbodoutra a prestaren alimentos na extensión, amplitude e termos que conveñan en troques da entrega de bens polo alimentista”. “En todo caso a prestación alimenticia abranguerá a mantenza, a habitación, a vestimenta e a asistencia médica, así como as axudas e os coidados, mesmos os afectivos, axeitados ás circunstancias das partes”.

Sempre cabe o caso de que persoas vellas teñan medo a vérense na miseria, se van vendendo sucesivamente os seus bens para atender as necesidades máis perentorias coa posibilidade de chegar a ter que allealos todos. Tal problema véno resolve-lo contrato de vitalicio, mesmo a cargo dos herdeiros co cesionario dos bens, á morte deste.

Tamén a Lei contempla a posibilidade de que a parte que adquira os bens non cumpra axeitadamente o contrato, o cal pode rescindir-se a pedimento do cedente, pola conduta aldraxante, falta de prestación pactada, mala atención ou incumprimento das prestacións pactadas, recuperando os bens o cedente e sendo indemnizado o cesionario, xeralmente cos fondos dos bens cedidos.

Esta institución tan viva na realidade social galega -como dí a Exposición de Motivos da Lei- ten agora un estatuto xurídico que as circunstancias do noso tempo reclaman.

(Faro de Vigo, 17.08.95)

POR AMOLAR

Comentoume unha vez certo profesional do Dereito que nun organismo xudicial déronlle as copias dunha demanda en galego e de contado solicitou a tradución. Eu contesteille que el, galegofalante, comprendía moi ben o contido da demanda que lle entregaron e contestoume que o artigo 231.4. da Lei Orgánica do Poder Xudicial permitíallo e gabábase de telo feito. Retruqueille dicíndolle que a Lei que invocaba falaba de casos de indefensión que certamente non era o seu, e que ademais esa mesma lei, no seu artigo 11 sinalaba que se respectarán sempre as regras de boa fe, cousa que el non demostraba. Coido que ningún dos dous nos convencimos, pois acabou confesándome: “*é verdade, pero eu fíxeno por amolar*”.

Hoxe o artigo 231.4. da Lei Orgánica do Poder Xudicial volve ser actualidade por mor dun recurso de inconstitucionalidade contra a modificación dese precepto que suprime, cando fala dos que poden pedir tradución dun escrito redactado en lingua distinta do castelán, as verbas “por mandato do xuíz”, de tal xeito que agora, cando se presente un escrito

redactado noutra lingua oficial, non se poida adiar esixíndolle ó solicitante unha tradución, pois aínda que non se daban moitos casos, si houbo algún e iso retraía ós avogados a presentaren escritos en linguas distintas do castelán, porque daban pé a unha liorta xurídica co xuíz en cuestións que adiaban o asunto prexudicando os intereses do cliente, que despois de todo, era quen o contratou e quen lle pagaba.

A reforma, ó meu parecer é correcta, pois os xuíces temos que protexer, por mandato constitucional, os dereitos dos cidadáns a expresárense na súa propia lingua e non a poñerlle dificultades engadidas. Xa Cesáreo Rodríguez Aguilera, cando era Presidente da entón Audiencia Territorial de Barcelona, fixéralle unhas indicacións ós xuíces que exercían naquela Comunidade, e máis recentemente o Fiscal Xefe, Carlos Jiménez Villarejo, nunha circular dirixida ós fiscais que exercen en Catalunya, dicía que resulta radicalmente contraditorio coa súa función alegar indefensión por descoñecemento dunha lingua oficial e solicitar tradución.

A miña experiencia, de cando exercín en Cataluña,

é que nunca se me ocorreu pedi-la tradución de escritos presentados en catalán, pois as cousas que non entendía, un funcionario do Xulgado indicábame o seu significado e máis tarde aprendín o catalán, cousa doado de facer en dous ou tres meses para quen coñeza algún dos idiomas semellantes.

A modificación da Lei non obriga a ninguén a aprender outro idioma, pero sí que a quen exerza de xuíz nunha Comunidade con idioma propio teña en conta tal feito diferencial e procure non crearlle dificultades ós cidadáns que pretenden facer uso da súa lingua propia, pois se hai comunidades con lingua distinta tamén existen outras con Dereito propio e a solución dun problema xurídico idéntico pode ser diferente segundo se resolva en Palencia ou en Lleida, pois cada colectividade ten os seus costumes, o seu idioma e o seu Dereito, que responde ó xeito de ser dese pobo e os encargados de administraren Xustiza debemos ser sumamente respectuosos e delicados con estes feitos diferenciais. A modificación da Lei debe verse desde o lado do xustizable e o seu dereito a facer uso da súa lingua propia.

A Xunta de Galicia está estes días a promover unha campaña a prol da normalización do galego na Administración de Xustiza, mentres a dirección española do partido que nos goberna en Galicia promove un recurso de inconstitucionalidade que ten como obxectivo crear dificultades neste uso.

¿Enténdeo alguén?

(Faro de Vigo, 5.03.95)

SERVIRSE DO GALEGO, ASUMIR O GALEGO

Hai uns vinte anos, cando a Ditadura estaba a dá-las derradeiras boquexadas, houbo unha partida de xente que se lanzou decididamente a falar en galego, especialmente porque daba certo tinte de “progre” e non se corría ningún risco. Xa Carballo Calero prevíunos contra esta xentiña cando dixo “desconfiai dos que só falan galego porque Franco non os ama, xa que desaparecido o ditador voltarán a falar o que sempre falaron”, palabras que resultaron proféticas, xa que chegadas as primeiras eleccións do postfranquismo os candidatos usaron case en exclusividade a nosa lingua. Máis á vista dos resultados que non foron os que esperaban os recién conversos, cada cal voltou falar na lingua na que sempre se expresaron; uns voltaron á vida privada e deixaron a lingua como se deixa algo que se usou e xa non serve; outros, acadaron determinados postos e algún chegou a ser alcalde dunha importante localidade, negándose teimudamente a chamarlle á localidade que rexe polo seu nome galego. Despois chegou a Autonomía e os dirixentes coñecidos devotos de “la lengua del Imperio” déronse conta de que falar cara á galería en galego podía-lles resul-

tar de certa utilidade. Cando falaban no Parlamento ou facían un discursiño oficial tamén se servían do galego, sen que en privado xamais o usasen e chegaron a facer unha lei de normalización do galego, copiada da lei catalana, pero coa intención de non cumprila e nunca desde a Administración se aplicou ningunha sanción ós continuos incumprimentos da mesma; outros hai que se fan con títulos de profesores de galego ou fan cursiños de galego, pero con vistas a súa promoción persoal e cando se lles esixe que nas súas actividades o usen néganse sistematicamente, pois a lingua xa lles servíu para os seus fins e deíxase de lado, como algo sen utilidade.

Isto está a suceder en tódolos aspectos da vida galega, desde a existencia dun servizo de normalización lingüística que non normaliza rén, unha política lingüística que non existe, dándose o paradoxo de que despois de quince anos de autonomía diminúe o número de galegofalantes e, a diferenza de Cataluña, onde a lingua propia rexorde con forza, aquí trátase de converter o galego nunha lingua ritual para determinadas cerimoniais, pero que logo se

deixa de lado.

Todo este enorme dano á nosa lingua están a face-lo tódolos que procuraron servirse do galego pero que non asumiron a lingua fronte a esta política da Administración. Pouco poden esforzos individuais moi meritorios, ou de certos colectivos que loitan en prol da lingua, xa que a falta de coherencia por parte dos responsables da Administración esteriliza calquera esforzo.

(Faro de Vigo, 12.02.95)

UNHA CIRCULAR CLAREXADORA

Cando se está a producir unha campaña en contra da lingua catalana desencadenada polas forzas máis reaccionarias do País, as mesmas que durante a Ditadura quixeron silenciar o idioma catalán e que cando xa non poden perseguilo cos medios con que antes o facían, empezan a berrar dicindo que están a ser perseguidos, procurando poñer atrancos ó ensino en catalán e ó seu uso oficial, ós que lles veu prestar axuda unha pouco oportuna cuestión de inconstitucionalidade plantexada polo Tribunal Supremo contra a Lei de Normalización do catalán, conforta ver que unha alta autoridade xurídica como é o Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Jiménez Villarejo, publicou unha circular dirixida ós fiscais que exercen en Cataluña e que vén poñer as cousas no seu punto xusto.

Empeza lembrando “o deber que teñen os funcionarios públicos de coñecer as linguas oficiais de Cataluña, que obviamente alcanza ós membros do Ministerio Fiscal con máis rigor ca outros en canto son garantes da legalidade”.

Evidentemente, o coñecemento das linguas oficiais é obrigatorio para os funcionarios que exerzan na Comunidade con idioma propio, pois doutra maneira na declaración de cooficialidade das linguas castelán e catalana, derívanse consecuencias que xeran nos funcionarios públicos o deber de coñecer ámbalas dúas no exercicio das súas funcións”.

Segue a dicir que, como expresa a Lei Orgánica do Poder Xudicial, tanto os xuíces, coma os fiscais, funcionarios e partes intervintes nun proceso xudicial teñen dereito a utiliza-lo idioma da Comunidade Autónoma, e que serán válidos sen necesidade de tradución ó castelán e aínda que a lei permítelle ás partes pedir tradución sempre que aleguen indefensión, remacha Jiménez Villarejo, que tal circunstancia nunca poderá ser aducida polo fiscal, xa que resultaría contraditoria coa súa función argallar indefensión por descoñecemento dunha lingua oficial, dado que o Ministerio Fiscal está obrigado a ampara-lo dereito dos cidadáns a dirixirse á Administración na lingua que elixan.

Como se ve, tal circular, partindo da plena constitucionalidade da Lei de Normalización do Catalán, sinala o deber dos funcionarios públicos de coñecer-las linguas oficiais da comunidade onde exerzan as súas funcións.

(Faro de Vigo, 1.06.94)

UNHA DISPOSICIÓN ACERTADA

No Boletín Oficial do Estado do cinco de marzo publícase un Real Decreto, do que xa se fixeran eco algúns medios de comunicación, da concesión da nacionalidade española ós combatentes das Brigadas Internacionais.

Eran homes e mulleres que vendo en 1936 a nosa liberdade ameazada, deixaron a súa máis ou menos cómoda situación nos seus países de orixe, abandonaron o obradoiro, a fábrica, a mina, a cátedra, a escola ou o despacho, ás súas familias para viren a un país do que descoñecían todo: a súa situación, linguas, costumes, para algún moi lonxano do seu, e do que só sabían que uns militares se sublevaran contra do goberno lexítimo e que os apoiaban as potencias fascistas e pretendían establecer un réxime semellante. Abondou isto para que superando moitos atrancos se achegasen aquí e ó carón dos nosos combatentes fixesen fronte ós sublevados.

Non lles acompañou o éxito, pero a intención foi esa e a historia aconteceu así, e quedou reflectida nas manifestacións artísticas, algunhas de calidade

tan alta como a novela de Ernest Hemingway “Por quen tanxen as campás” ou a película de Ken Loach “Terra e Liberdade”.

Como expresa o devandito Real Decreto: “É de xustiza recoñece-lo labor a prol da liberdade e da democracia levada a cabo polos voluntarios das Brigadas Internacionais durante a guerra civil española de 1936 a 1939. Os superviventes da contenda merecen ver dun modo patente a gratitude da Nación”. Esta disposición foi aprobada no Parlamento español por unanimidade.

Cando por presións internacionais se acordou a retirada dos combatentes estranxeiros e que só cumpríu a República, voltaron ós seus países e na despedida, Dolores Ibarruri, dirixíulles estas fermosas palabras que quero copiar na mesma lingua na que foron pronunciadas:

“¡Comaradas de las Brigadas Internacionales: Razones políticas, razones de Estado, la sustentación de la misma causa por la que ofrecísteis vuestra sangre con tan

incomparable generosidad, obligan ahora a volver a algunos de vosotros a vuestra patria, y a otros a un exilio forzoso. Podéis marchar orgullosos. Vosotros sóis la historia. Vosotros sóis leyenda. Vosotros sóis el heróico ejemplo de solidaridad y universalidad de la democracia. No os olvidaremos y cuando en el olvido de la paz vuelvan a brotar de nuevo las hojas mezcladas con los laureles de la victoria de la República española ¡volved!”

En fin, ben está que a España democrática teña un recoñecemento para estes homes e mulleres. Os que nunca recibiron do Estado español un patacón polas feridas e mutilacións sufridas, a diferenza dos mouros que trouxo Franco e demais mercenarios que loitaron no bando rebelde e que hoxe están cobrando as súas pensións.

(Faro de Vigo, 20.04.96)

VERDADES SILENCIADAS

A Historia escribíronna sempre os vencedores en prexuízo dos vencidos, e se, como dí o refrán, “todo é da cor do cristal con que se mire”, o certo é que na narración de certos acontecementos exprésase o punto de vista de quen triunfou e hai mentiras que a forza de seren repetidas chegan a ser consideradas como verdades incontestables e aquela tremenda frase de Breno, “Vae victis”, segue tendo plena actualidade.

Así, dísenos que a raiña Doña Xoana, filla de Henrique IV de Castela, era ilexítima, porque na loita polo Coroa de Castela resultou vencida pola súa tía a Raiña Católica. Como naquela época non se podían facer as probas dos grupos sanguíneos ou examinar o ADN, non había xeito de comprobar a certeza de tal afirmación, pero como a usurpadora venceo ela é gabada e a herdeira lexítima privada da Coroa é coñecida para sempre co nome despectivo de “La Beltraneja”.

Tamén se dixo e repetiu que a nosa primeira Constitución foi a de Cádiz de 1812, cando o certo é que

antes houbo a Constitución de Baiona, promulgada por José, da que a de Cádiz tomou moitos dos seus artigos e o rei José I, coñecido por Pepe Botella, era un home abstemio, intelixente e ben intencionado.

Ven todo isto a conto porque co gallo do pasado 14 de abril, escribíronse diferentes artigos falando da proclamación da II República e en varios incídese nun erro repetido machaconamente polo franquismo, tratando de poñer en dúbida a legalidade entón instaurada. Dásenos como resultado das eleccións municipais do 12 de abril de 1931, o de 22.150 concelleiros monárquicos fronte a 5.775 republicanos, cifras que constitúen un absurdo, xa que en 1931 había en España 8.943 concellos e con estes resultados saía unha media de 3,12 concelleiros por municipio, que evidentemente non podía ser. Trátase duns primeiros resultados que deu o goberno vendo a avalancha que lle viña arriba e que tampouco logrou os resultados pretendidos xa que se en pequenos concellos chegaban 50 ou 60 votos para elixir un concelleiro, en Madrid, Barcelona ou Valencia, necesitábanse arriba dos 60000

co que o número de votantes republicanos, dado o seu triunfo nas grandes cidades, sería superior ó de monárquicos.

Pero os resultados das eleccións foron os consignados no Anuario estadístico de 1931 que sinala 40.168 concelleiros antidinásticos, fronte a 19.035 monárquicos e 15.198 sen filiación definida, pero que visto o triunfo da República como a xente lle gusta poñerse ó sol que máis quenta, logo declaráronse republicanos.

Esa foi a verdade daquel 14 de abril no que a maioría de España declarouse republicana e o mesmo Alfonso XIII o admitiu recoñecéndoa como única señora dos seus destinos.

(Faro de Vigo, 18.06.96)

Claudio Movilla Álvarez



Claudio Movilla Álvarez

Claudio Movilla Álvarez, demócrata, progresista e defensor das liberdades. Home clave da nosa administración de xustiza; funcionario íntegro e coherente que viviu con paixón o seu tempo e que se implicou con firmeza na defensa da xustiza. Foi un intelectual comprometido, lúcido e de fina reflexión que destacou polas súas intervencións en procesos xudiciais de especial significación. Como presidente da Sala do Contencioso da Audiencia Territorial da Coruña ditou, en 1984, a primeira sentenza en lingua galega despois de 400 anos de proscrición.

Tras estudar Dereito en Santiago, ingresou na carreira fiscal en 1960 e foi destinado a Santander. En 1967 colaborou na redacción dun libro no que sostíña, entre outras cousas que hoxe nos parecen obvias, que *“a democracia trata de facer a actividade política cousa de todos, facerlla vivir ao aire da rúa; as ditaduras fana complicada e esotérica”*. Estas verbas bastaron para que fose represaliado por primeira vez polo franquismo. Claudio Movilla, fiel ós seus principios, rexeitou o traslado forzoso da Audiencia Provincial de Santander a

Pamplona e reiniciou a súa carreira como pasante nun despacho dun avogado santanderino.

Anos despois e xa de volta na vida funcionarial, chegaría a ser o primeiro presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria, na primavera de 1989.

Foi fundador da asociación “Xustiza Democrática” e de “Xuíces para a Democracia”. Desempeñou a presidencia do Ateneo de Ferrol durante moitos anos e participou na constitución da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

É autor de textos e de numerosas obras de índole xurídica e de ensaio.

A XUSTIZA CEGA E MUDA

Os recentes telegramas dirixidos a diversos poderes públicos -Presidente do Goberno e da Xunta de Galicia, da Audiencia Territorial, Ministro, Subsecretario e Director Xeral de Xustiza-, por profesionais do Dereito da zona de Betanzos, nos que poñen de relevo a absoluta carencia de medios persoais ao servizo dos órganos xurisdiccionais, pon enriba da mesa unha cuestión de tanta transcendencia como é o progresivo deterioro da xustiza como servizo público. Se nesta ocasión e por razóns obvias de coxuntura electoralista, a petición tivo resposta inmediata mediante o nomeamento de tres funcionarios, isto supón a solución dun grave problema que non afecta só ó partido xudicial de Betanzos, senón que é común ó resto de Galicia e, en xeral, a todo o territorio español.

Xa non se trata de que a xustiza, pola súa mesma situación institucional dentro do aparato do Estado, permanecese allea ao proceso de cambio da sociedade española e incapaz de dar resposta ás novas demandas que se producen, senón que na mesma parcela de actuación á que quedou reducida, non conta

cos medios imprescindibles de orde persoal e material para levala a termo. Se lamentable é o estado no que están algunhas dependencias xudiciais, non é menos a carencia daqueles elementos técnicos que xa están na máis modesta oficina. Situación que aparece como agravio, ao comparármola coa existente noutras dependencias estatais provistas de tódolos medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade. Deficiencias estas ás que se lle debe unir outra máis importante, cal é o status profesional do funcionariado da Administración de Xustiza, verdadeiramente denigrante en tódalas ordes e que limita, como é lóxico, o necesario aumento do cadro de persoal.

A xustiza é un dos poderes do Estado, un verdadeiro poder político e ó tempo un servizo público, unha organización de medios persoais e materiais para satisfacer unha necesidade comunitaria. Sen embargo, estes dous aspectos non poden afastárense se o segundo aparece inexorablemente condicionado polo primeiro. De cal sexa a consideración da xustiza dentro do aparato institucional do Estado; de

como se lle configure no seu aspecto de poder político, depende sensiblemente o seu funcionamento como servizo público. Un sistema autocrático como o que padecemos nos longos anos do franquismo, no que a xustiza, á marxe das actitudes persoais dos seus membros, convértese en vigaira do poder executivo, o único que ten existencia real, significa ao tempo un progresivo deterioro da xustiza como función técnica. Os resortes do poder funcionan perfectamente á marxe da lexitimación xudicial, aínda que esta se invoque retoricamente cando cómpara aos intereses do sistema. O que a xustiza podía significar para o réxime percíbese dun xeito moi claro comparando as suntuosas instalacións dunha dependencia da Secretaría Xeral do Movemento ou dunha Delegación do Ministerio de Información e Turismo, coas decimonónicas estancias dos chamados, fachendosamente, Pazos de Xustiza.

Pero tampouco se pode dicir que nestes tres anos predemocráticos, a situación teña variado sensiblemente. Os aspectos institucionais non foron tocados -outro día héime referir a esta cuestión-, e a

xustiza como servizo público non foi mellorada, e atrévome a dicir que se deteriorou aínda máis, xa que o proceso de cambio da sociedade española, político, cultural e económico, tiña que determinar un sensible aumento da conflictividade e dos seguintes litixios, que non foron acompañados dunha correlativa mellora dos medios xudiciais. E todo isto sen que a voz da xustiza, que quizais teña que ser cega, pero non muda, se deixara oír, tentase ser escoitada, presentara o seu caderno de agravios, que son moitos. Só nos últimos tempos houbo protestas, procedentes dos corpos técnicos e limitados, equivocadamente limitados, aos aspectos reivindicativos.

O funcionario que serve á Administración da Xustiza, calquera que sexa o seu posto, non é nin máis nin menos que un traballador coma outro calquera. Baixo o interesado pretexto dunha mitificación da función que cumpre, non se lle pode privar daqueles dereitos que son comúns a calquera outro traballador ou funcionario. Cómpre recoñecer a súas posibilidades asociativas, para que a súa voz libre e non

manipulada deixe de ser o eco monocorde doutras instancias extrañas e poida reclamar e esixir todo aquilo que serva para a dignificación do servizo que presta e da súa situación funcional. Para que a xustiza non se arrede aínda máis do pobo, de quen en definitiva emana, segundo o artigo 117 do texto constitucional, é preciso evitar discriminacións que non veñan esixidas pola propia natureza da función de xulgar. E eu non atopo ningunha xustificación para negarlles aos servidores da xustiza o dereito de reunírense, de asociárense para facer oír as súas reivindicacións.

A Constitución non establece ningún atranco para o dereito de sindicación de Secretarios e Corpos Auxiliares da Administración de Xustiza, agás a xenérica limitación do artigo 28 para os demais funcionarios públicos que permite regular por lei as peculiaridades dos seus exercicios. Para xuíces, maxistrados e fiscais o recorte é moito máis sensible: prohibición absoluta de sindicación e posibilidade de asociación, con remisión á lei do sistema e modalidades para o exercicio de tal dereito.

Sen entrar nunha valoración do texto constitucional, cuxo nomeamento se impón, penso que para que ese dereito de asociación teña a debida efectividade son precisas as seguintes condicións: 1º Pluralismo asociativo coa finalidade de que o dereito de asociación non dexenere nun sistema colexial ou corporativista; 2º Creación desde a liberdade dos propios asociados, evitando calquera inxerencia ou manipulación do Poder Executivo ou dos membros dos órganos xurisdicionais superiores; 3º Amplitude das fins que non deben ser só reivindicativas ou mutualistas e deben comprender todo o que afecte á mellora da Administración da xustiza en tódalas ordes; 4º Designación democrática dos órganos reitores, sen nomeamentos a “dedo” ou en razón do cargo e funcionamento tamén democrático daqueles órganos e 5º Ámbito persoal sen ningunha limitación e dependencias unicamente da vontade dos asociados.

(La Voz de Galicia, 18.02.79)

LIBERDADE DE EXPRESIÓN E DEMOCRACIA (I)

Hai uns días o profesor Tierno referíase, nunha conferencia pronunciada en Madrid, ao dereito de libre expresión das ideas como básico e primordial para o debido funcionamento dun sistema democrático. Comparto plenamente a opinión de Tierno; sen a libre expresión das ideas e sen a súa ineludible consecuencia, o pluralismo informativo, a concorrencia das diversas opinións e opcións políticas, sería imposible. E atévome a dicir que aquel dereito é quizais o máis importante, ao constituír o primeiro elo na ampla cadea das liberdades cívicas e políticas; dereito, por outra banda, que non pode ser obxecto de limitacións, condicionamentos ou atrancos nin no seu contido, agás a súa sanción penal, nin no que fai aos posibles titulares do seu disfrute. Neste aspecto, penso que seguen a ser de plena actualidade as palabras de Stuart Mill no seu ensaio “*Sobre la libertad*”, expresión dun acendrado liberalismo que, no que atinxe a esta cuestión, non pode ser desprezado, senón defendido e reivindicado. “*Polo que hai de particular –di Stuart Mill-, ó impoñer silencio á expresión dunha opinión iso constitúe un roubo á especie humana, á posterioridade tanto como á xeración exis-*

tente, ós que se apartan da devandita opinión e aínda máis que ós que terman dela. Porque se esta opinión é xusta, prívaseselles dunha posibilidade de abandonar o erro pola verdade e se é falsa, perden o que constitúe un beneficio tan grande como o anterior: a percepción máis clara e a impresión máis viva da verdade producida pola súa colusión co erro”.

O dereito á liberdade de expresión é unha conquista do home moderno á que non se pode nin se debe renunciar e non é admisible que se pretenda desvalorizala por mor do seu carácter formal; pola contra, é instrumento axeitado e medio de loita para unha profundización cara a democracia real. Cando un sistema de poder relega as liberdades formais, mal chamadas formais, a un lugar secundario e de posterior logro, co fin de acadar unhas melloras materiais ou sociais, o que se pretende case sempre é impedir a consecución dunhas e doutras. Nos anos de crecemento triunfal, no de desenvolvemento cousa moi diferente, o señor López Rodó, hoxe demócrata de toda a vida, dicíanos que para acadar a democracia cumpría chegar ós mil dólares

de renda per capita; se a memoria non me engana, despois ampliou esta cifra ós 1.500 dólares. O que é certo é que cando o señor López Rodó abandonou a administración activa, despois de moitos anos de servizos, a liberdade non se conseguira; si, pola contra, os 1.500 dólares que por desgraza seguían tan mal repartidos coma sempre.

Nos sistemas de poder totalitarios, autoritarios ou paternalistas as formulacións sobre a liberdade de expresión son ben desemeillantes aos de Stuart Mill. Como a verdade é única e o seu monopolio ten o poder establecido, a verdadeira saúde da comunidade estará na absoluta coincidencia e unanimidade de coas opinións daquel, espalladas e proclamadas. Desde esta óptica maniqueista, todo o que supoña crítica ou disidencia debe ser reprimido e coartado. Se o ideal sería acadar unha absoluta coincidencia nas internas opinións, converter as consciencias dos súbditos en eco monocorde da voz dos xefes, como estes teñen perfecto coñecemento da súa imposibilidade, trátase de procurar os instrumentos xurídicos axeitados para conseguir, non o asentemento

interno, senón as apariencias externas dunha coincidencia abondo para posibilitar a pervivencia do sistema.

Por outra banda, preténdese encubrir a represión baixo o manto purificador do Estado de Dereito, con esquecemento de que este non consiste só no sometemento da actividade do poder á lei, a toda lei, senón á lei que leve como ingrediente a xustiza. Nun recente artigo publicado no semanario “Triunfo”, lembraba Fernando González un parágrafo dun discurso pronunciado por Serrano Suñer no segundo ano triunfal de 1940: “*Nós –dicía o xerarca-, temos que defender máis o noso pensamento para que este mesmo pobo que adorou aqueles falsos ídolos (os do sufraxio e a soberanía do pobo) e que creu nos falsos dogmas da democracia, incorpore ó seu pensamento e ó seu espírito a verdade da Falanxe que é a verdade de España. O Estado totalitario non é o Estado tiránico, senón un Estado de Dereito*”. Palabras estas que están na mesma liña de posicións teorizantes de autores de marcado talante totalitario de signo nacional-socialista como Lange ou fascista, como

Panuncio, que baixo a cobertura santificadora do Estado de Dereito, pretenden encubrir a radical inxustiza do sistema aos que compracentemente serven. Un xurista da mesma tendencia, Schweinichen, chega a afirmar que *“o Estado de Dereito é o ordenamento no que o Dereito non asume o carácter de limitación da soberanía do Estado e significa pola contra unha ordenada forma de dominio de acordo co deber”*.

Os sistemas de poder autoritarios tratan de someter ao seu control os diversos medios de expresión que existen na sociedade civil e estes convértense en instrumentos de difusión da ideoloxía dominante e en defensa dos intereses oligárquicos, dos que o poder político é fiel mandatario. A presión, como é lóxico, acentúase máis naqueles medios de expresión de máis ampla difusión e admite unha certa liberación, máis acentuada cando a pervivencia do sistema o esixe, nos de acceso a sectores máis minoritarios. A censura previa, férrea e sen fisuras e unhas leis de prensa cargadas de limitacións e preñadas de perigos, son o punto inicial e final na que se encadra a evolución do Estado totalitario cara

formas de poder autoritarias paternalistas. Non fai falta dicir que non é precisamente o desenvolvemento da persoa e o respecto á súa dignidade o que se pretende, senón pola contra, mantela no seu nivel de súbdito e potenciar ao máximo as posibilidades de defensa dun poder marxinado da sociedade civil, á que debería servir e á que considera como ameaza latente.

(La Voz de Galicia 26.05.77)

LIBERDADE DE EXPRESIÓN E DEMOCRACIA (II)

Como queda indicado, os resortes xurídicos que todo sistema autoritario pon en xogo para eliminar, coartar ou condicionar a liberdade de expresión, varían e adaptaciónse á propia evolución dialéctica do sistema. Nunha primeira fase, cando aquel se mostra máis pechado en si mesmo, máis cargado de providencialismo, máis confiado na súa milenaria duración e máis negado por isto a toda posible evolución, o instrumento xurídico que se pon en xogo é a censura previa. Todo medio de expresión pasa polo cribo do poder e só pode ver a luz pública o que está dentro da súa ortodoxia, benéfico e non o cuestiona no máis mínimo. A absoluta perda da liberdade acompáñase coa total seguridade; a triste seguridade do sometemento e a opresión. Nunha segunda fase, cando o sistema por mor da presión interior ou de condicionamentos exteriores, vese abocada a unha necesaria evolución non desexada polos detentadores do poder, pero imprescindible para a súa perduración, a solución é diferente. Proclámase retoricamente na lei a liberdade de expresión, aínda que limitada en todo caso a algúns dos seus medios e regúlase aquela con tales condiciona-

mentos, con tan abstractas limitacións, con tan graves consecuencias para a violación daquelas que, en realidade, a solución á que se chega é moi semellante á do anterior sistema. A liberdade de expresión que é desprezada polo poder e ao mesmo tempo temida, ten que ser tolerada, pero ao tempo faise precisa a súa manipulación. Da heterocensura pasouse á autocensura; desapareceu a seguridade da opresión, pero non se chegou á liberdade; da condición de súbdito pásase á de heroe, sen ter acadado, como sería desexable, a de cidadán.

Esta foi a evolución da situación española. Malia a enfática declaración do Fuero dos Españois –“*todo español podrá expresar libremente a súas ideas*”–, a censura previa, exercida por plurais órganos, foi o triste caldo de cultivo no que tiveron que vivir os medios de expresión na España do Imperio. A partir do ano 1939 e durante tantos anos triunfais, a verdade subministrada polo poder foi o único alimento espiritual dos españois. Alimento ben triste que só podía servir para chegar á esquizofrenia ou á dignidade. Calquera historiador do futuro pouco

poderá saber do que era a sociedade española dos anos 40 e 50 a través do exame dos diferentes medios de expresión.

No ano 1966 promulgouse a nova Lei de Prensa. As críticas das que foi merecente desde o seu nacemento foron cáseque todas negativas e só o seu autor, o señor Fraga, defendeuna entusiasticamente, dicindo que representaba un fito na evolución do sistema político español e un paso para acadar a liberdade. Como o horizonte da liberdade non é moi amplo para o señor Fraga, quizais sinta sinceramente o que afirma. Atrévome a dicir que a opinión de tantos e tantos periodistas coartados, limitados, sancionados, represaliados, sometidos a varias xurisdicións, equilibristas forzados na corda frouxa dunha precaria liberdade, é ben diferente. Alomenos, caseque dende a promulgación da lei foi unánime o clamor da necesidade da súa desaparición ou, cando menos, a modificación dos seus preceptos máis represivos.

En particular, o famoso artigo 2º -modelo do que

non debe ser un precepto sancionador-, en conexión con outros resortes legais, constituía unha ameaza permanente para a liberdade de expresión e para a tranquilidade dos profesionais da prensa. A lei, máis que un ordenamento xurídico, era un instrumento político en mans do Goberno que se utilizaba do xeito que en cada momento se estimase máis conveniente. O diferente talante dos sucesivos ministros de Información, non moi proclives en xeral a potenciaren a liberdade, delimitaba o campo de xogo. Da intolerancia dun Sánchez Bella á permisividade de Pío Cabanillas, non hai dúbida de que hai diferenzas; sen embargo, nin con un nin co outro se chega á liberdade co soporte da seguridade xurídica, valor este que a democracia burguesa considerou como o mínimo esixible. A Lei de Prensa de 1966 respondía á ideoloxía dun aparato de poder que, desde a súas orixes totalitarias, evoluciona nun senso dirixista e persoal. Foi o propio Fraga quen o dixo nunha ocasión de forma tallante: *“A verdade non a define o Estado; encarréiraa”*. Coido que nunha óptica democrática a solución sería a oposta; o Estado non pode definir nin tampouco encarreirar a

verdade; e esta é a realidade social que lle dá senso ao poder e o que debe tinguílo; a canle da verdade é caseque sempre a súa deformación.

Desde outra perspectiva, se ben é certo que a Lei de 1966 estableceu a posibilidade de revisión xudicial para as decisións en materia de prensa -con anterioridade excluídas do recurso contencioso administrativo-, sen embargo, a virtualidade reparadora da decisión xudicial é ben escasa no momento de producirse. No pensar de todos está o sangrante caso do xornal “Madrid”. Neste aspecto, como noutros que afectan a dereitos fundamentais da persoa, a única solución é instaurar un recurso de amparo que de maneira rápida poida solucionar a cuestión formulada. Do contrario, as decisións xudiciais terán mero carácter platónico e nula eficacia reparadora.

No ánimo de todos estaba que a lei de 1966 non era válida para as actuais necesidades da sociedade española -nin quizais para as do poder, a píques de parir a democracia-, e era unánime entre os profe-

sionais o desexo da súa modificación e mesmo da súa abolición. Poida que fose esta a mellor solución e quizais non sexa só unha frase a afirmación que “a mellor lei de prensa é a que non existe”. O Goberno optou pola primeira das alternativas e non pode dicirse que a reforma fose acollida con entusiasmo, máis ben o contrario. Malia o título da lei, “sobre a liberdade de expresión”, o contido segue respondendo, aínda que de maneira máis atenuada, a un sistema de desconfianza do poder pola responsabilidade da sociedade civil. Pero a nova lei, como diría Kipling, é outra historia, e a ela ímoslle dedicar un artigo proximamente.

(La voz de Galicia 27.05.77)

O PERIGOSO ATRACTIVO DO DESENCANTO

Todo proceso de cambio político ou social, de transformación do sistema establecido de convivencia, de mutación no sistema de valores que, de xeito imposto ou acordado, se asumiran como norte orientador, de modificación das relacións existentes, acuña ou dota de novo significado a unha serie de palabras ou expresións que son como esquemáticos “clichés” do cambio producido.

Desde no verán do 74, primeira enfermidade grave e pública do xeneral Franco e nacemento da Xunta Democrática, dá comezo á desfeita do sistema ditatorial e ata o momento presente de parto constitucional, que ogallá non sexa máis dorido do que está a ser, viñeron barallándose diversas palabras que expresaban semanticamente as aspiracións, estratexias e alternativas das forzas político-sociais-motoras do cambio e a súa correlación cos sectores continuistas. Reforma, ruptura, ruptura-pactada, poderes fácticos, consenso, desencanto son o reflexo léxico, en íntima trabazón, do que custa pasar de 50 anos de ditadura a un sistema de convivencia democrática; son como os sinais de identidade des-

te tránsito dorido que conduce da esperanza sen fronteiras á limitada realidade.

Ao pouco tempo das eleccións do 15 de xuño de 1977, unha palabra adquire libre circulación, sobre todo a partir dos Pactos da Moncloa e é utilizada como arma que se arrebola de dúas actitudes ben desemeillantes no que fai ás súas motivacións, pero que pode conducir a moi semellantes resultados. O desencanto como actitude eticamente válida daqueles sectores que se sinten insatisfeitos cos cambios producidos, que non vén as súas esperanzas confirmadas por unha realidade ben desemeillante daquela pola que loitaron, que dalgún xeito se senten traizoados polos que foron os seus compañeiros na longa loita, é asumido con motivacións e finalidades ben diferentes, por aqueles sectores que estaban “encantados” co sistema anterior e para os que o desencantamento non é máis que a perda dos seus anteriores privilexios e poderes. A incumprida realización da xustiza para uns e a irrecuperable, agardemos, inxustiza dos outros, lévannos a unha desvalorización do acadado, de consecuencias igualmente perigosas no

plano político.

Naquela fermosa e inquedaite película de Jaime Chávarri que foi “El desencanto”, este viña ter un sentido positivo a través da desmitificación e destrución, dorida, pero necesaria, da figura do pai que era o poeta Leopoldo Panero. A liberación do encantamento supuña a asunción da realidade polos demais membros da familia, en particular a nai. A dor da ruptura a través da análise lúcida e purificadora, viña significar dalgunha maneira o acceso á liberdade. Penso pola contra que os desencantos de agora agora están a facer perigosos exercicios na corda frouxa da irrealidade.

Irrealismo que consiste para uns en querer poñer do revés o curso da historia e en considerar como aínda vixentes un pasado no que tan cómodos se sentían e un poder que tan xenerosos favores dispensaba. A súa interesada nostalxia só pode pretender o esquecemento que, por certo e máis xenerosamente do que eles o fixeron, nunca se lles negou. Pretender pasar factura á democracia do custo na

orde social e económica que eles lle causaron ao pobo español, é exercicio de pillabáns que só pode enganar aos que desexan seren enganados.

Aqueloutros que cunha actitude ética irreprochable se sinten incómodos, disconformes, desencantados, mesmo me atrevería a dicir que en certo xeito traizoados, ante un cambio que non consideran suficientemente rápido e uns resultados que non coinciden cos esquemas previstos, quixera recordarlles aquela definición da política como arte de facer posible o necesario, o que non implica un anoxable pragmatismo, senón un san exercicio de realismo de acordo cos condicionamentos existentes. O político engule un sapo cada día, e ben deita se ten abondo bicarbonato para dixerilo. O que non podería admitirse é que tan noxenta larpeirada se converta en prato predilecto. Como dicía José Aumente nun recente artigo publicado no semanario “Triunfo” *“os intelectuais –dos que surxen as primeiras voces desencantadas-, aínda que comprometidos, móvense por razóns exclusivamente éticas, e resulta posible que a política poida converterse para eles en,*

por unha banda, manipulación do pobo, e por outro, en manobras tácticas entre forzas políticas; e síntese engañado, escéptico, por non dicir anoxado. E, sen embargo, por estas mesmas razóns éticas non debe abandonar, guindar a toalla, senón seguir na brecha. Todo purismo ético conleva o risco dun anxelismo desencarnado, no dicir dos teólogos. Todo o que supoña illarse, non comprometerse, non ensuxar as mans na contraditoria tarefa da política, pode aparentemente ser moi limpo, pero en definitiva redúcese a un xeito radicalmente individualista de actitude ética; en definitiva, dunha maneira elitista de egoísmo”.

Poida que as cousas non teñan acontecido como se pensaba na longa noite de pedra da oposición clandestina; que a realidade non coincidise coa esperanza, ¿utópica?; que a democracia que temos non sexa toda a democracia á que temos dereito; que formas larvadas de fascismo perduren enquistadas en moitos centros de poder; que a abstracta liberdade non se concretara aínda en tódalas liberdades reais que debemos esixir. Pero penso asemade que repetir agora, aínda que sexa cun talante diferente, a famosa frase

de Ortega, “non é isto, non é isto”, debe valer como unha insobornable esixencia cara o futuro, pero non como unha desvalorización do logrado.

Se a dereita está satisfeita e/ou encantada co escaso custe que o cambio lle supuxo en poder político e económico, esa ganancia non debe ser contabilizada como perda para as forzas sociais e políticas da esquerda. Esta, malia as delirantes afirmacións do Alcalde de Madrid, señor Álvarez, no Congreso da UCD, asumíu un verdadeiro protagonismo e calquera alternativa de futuro, a medio ou longo prazo, ten que contar coa súa decisiva mediación. A política de consenso, que é unha forma absolutamente válida de facer política, sempre que a través dela a oposición non se convirta nunha xestora do sistema establecido, se non espertou o entusiasmo, impediu máis sobresaltos dos que desgrazadamente tivemos. Por outra banda, a sociedade española entrou nun novo clima de convivencia, na que a liberdade e a democracia se asumen como valores irrenunciáveis. E non debe esquecerse que, como di Burdeau, “*a democracia é hoxe unha filosofía, unha*

maneira de vivir, unha relixión e case accesoriamente unha forma de goberno; ou como sinala Jean Lacroix, “unha forma de ser cos demais, un estilo de vida persoal e social”.

O maior perigo do desencanto é que, despojado do seu valor de esixencia crítica que lle confire valideza ética, se convirta en, permítaseme o paradoxo, acicate para a inacción, para illamento, para ese estar de volta de todo sen ter chegado a ningún; para o “pasotismo” que como actitude moi común se observa en determinados sectores da mocidade. Ocasión propicia para que xurdan os novos encantadores ou as espadas máis limpas de Occidente. E non esquezamos que coa fruta máxica do encantador vén o queipo das serpes.

(La Voz de Galicia, 2.11.78)

SEGURIDADE PÚBLICA E GARANTÍA XUDICIAL

A comezos desta década xurdiron en Italia unha serie de filmes, dos cales algún chegou serodiamente ao noso país, nos que, con desemeillante resultado artístico segundo o valemto dos seus autores e desde diferentes enfoques políticos, formulábanse a diversos niveis, non sempre pacífica, entre a pública tranquilidade e a legalidade, a tensión entre o mantemento dunha determinada orde pública e a salvagarda das garantías individuais, entre a eficacia e rapidez que no cumprimento das súas funcións demandan os organismos policiais e a certeza e seguridade que esixen os pronunciamentos xudiciais. Nun clima de tranquilidade habilmente provocado, ante un estado de desconfianza por mor dos atrancos da xustiza ao labor policial, incapaz por isto de cumprir coa súa misión de defender a orde, aparecerían decisivos salvadores deste que, organizados en corpos paralelos, asumían a limpeza da cidade e a volta á normalidade. No camiño quedaban delincuentes, marxidados, disidentes e, por veces, os mesmos policías e xuíces.

Teño a impresión e ben desexaría que fose unha

apreciación suxeitiva, de que no noso país, recién saídos dun réxime ditatorial cara unha democracia -que sempre produce tensións-, cunhas liberdades que se comezan a exercer traballosamente, xa hai sectores interesados en abominar das mesmas e que reclaman, a través de voces moi significativas, a volta a unha orde que encubría a máis abominable inxustiza, a unha seguridade co elevado prezo da privación de toda clase de liberdade.

A xustificación que se utiliza é o aumento da criminalidade, un irreparable deterioro da tranquilidade e seguridade pública e a solución que se reclama e a mesma de sempre, a tan querida polos sectores máis reaccionarios, a xustiza da carballeira, ou sexa un endurecemento das leis represivas e unha maior severidade nos encargados de aplicalas. Xustificación e solución ben simplistas e que en realidade só trata de encubrir os reais problemas que aguilloan á sociedade española.

Está por ver, en primeiro lugar, que se teña producido un elevado aumento da criminalidade nos úl-

timos tempos, e mesmo as últimas estatísticas que eu coñezo levan á conclusión de que determinadas formas de delincuencia estean en evidente regreso. Por outra banda, non se pode meter no mesmo saco certos comportamentos delituosos, como o terrorismo, de carácter coxuntural e de causas ben determinadas e coñecidas, con aquel outros de máis acentuada permanencia, que obedecen a causas estruturais e que esixen unha transformación nas relacións sociais e nos marcos da produción e distribución dos bens. E, por último, hai certas actividades delituosas, as máis reprobadas, as de máis seguro impacto na nosa sensibilidade, que son realizadas polas clases máis desposuídas, polas que teñen menos posibilidades de elección -no que en Dereito Penal supón unha menor culpabilidade- que xustifican o mantemento dunha política de orde a ultranza e que fan esquecer outros comportamentos delituosos máis sutís, menos aparatosos, pero de moita maior repercusión social.

Tampouco quero dicir, porque sería absurdo, que España sexa, no aspecto da delincuencia, un paraíso;

que non exista aquela e mesmo que nalgúnhas manifestacións non teña aumentado nos últimos tempos; se se quere, os que comezan o 20 de novembro de 1975. Aínda que tamén pode un preguntarse se non será certo que con Franco non só se vivía mellor, senón que se delinquiría mellor. Pero si é rexeitable a interesada relación de causa e efecto que se quere establecer entre unha suposta benignidade das leis represivas e da lenidade dos xuíces co pretendido aumento da criminalidade. Tese na que coincidiron recentemente o señor ministro do Interior, o señor xefe superior de Policía e un xornal tan achegado ao Goberno como é “Informaciones.” A formulación da cuestión non pode ser tan simplista ao deixar no esquecemento unha serie de factores moi relevantes, tales como o proceso acelerado de cambio social, o paso dun sistema de poder autoritario a outro democrático -a liberdade só se aprende co seu exercicio-, as distorsións dun sistema capitalista deteriorado, as insatisfaccións dun consumismo tan alegremente provocado, unha crise económica prolongada, o novo enfoque da familia e da escola, factores que se esquecen para esixir unicamente unha

maior rigorosidade na lei e na súa aplicación. Xa que logo, estase a facer un interesante uso ideolóxico desa realidade que constitúe a delincuencia.

Penso que non chegou aínda o momento, e desexo que non chegue nunca, de darnos a elixir, opción imposible, entre unha seguridade que se amosa como necesaria e unha liberdade que non debe ser perigosa. Ese engano xa o tivemos que aturar durante moitos anos e a experiencia non foi moi positiva. Mellor que pedir unha maior dureza na lei e na súa aplicación sería demandar unha total xustiza nunha e noutra, co que quizais se eliminarían moitas das causas que contribúen ao pretendido aumento da delincuencia.

Négome tamén a cair nesa trapela que supón establecer unha antítese de imposible síntese, entre os desexos de eficacia das forzas policiais na súa loita contra os delincuentes e o deber do xuíz de garantir os dereitos fundamentais daqueles e chegar a unha sólida proba dos feitos imputados. A eficacia do xuíz pode ser fonte de inxustiza; a do policía tería que

ser refrendada ou corrixida pola posterior decisión xudicial.

Poida que algúns membros dos corpos policiais se sintan molestos ou fracasados cando o seu labor investigador non se vexa refrendado pola posterior decisión xudicial. Pero iso é o que caracteriza precisamente a un Estado de Dereito, social ou democrático, en contraposición a un Estado totalitario-policial. A óptica do policía e do xuíz é e debe ser distinta: o primeiro móvese no mundo da presunción: “presuntos culpables”, dise ou debíase dicir ao noticiar unha investigación policial; “procesado ou culpable”, resolve o xuíz. Por iso a nosa Lei de Axuizamento Criminal, tan respectuosa cos dereitos da persoa, só concede valor de denuncia aos atestados policiais, que terán que ser confirmados pola posterior investigación xudicial. Para un xuíz pode valer a máxima: “antes absolver a cen culpables que castigar a un inocente”; un policía terá por veces que deter a bastantes inocentes antes que ao verdadeiro culpable; e se isto pode ser prexudicial, nunca será irreparable, porque a decisión derradeira non lle pertence.

Non se pode pretender agora, cando o poder xudicial debe recobrar a súa verdadeira dimensión política para consolidar a democracia, convertelo en compracente tranquilizador de interesados alarmistas ou en servicial apéndice doutros poderes do Estado. Afirmacións como a do señor Jordi Pujol, nun artigo do xornal El País do día 8 de febreiro, que contribuíu á desmoralización entre os xuíces que actúan con gran lenidade, non contribúen precisamente a fomentar a necesaria independencia daqueles, servidores só da lei e do pobo, ante quen deben responder, en definitiva.

(La Voz de Galicia, 10.02.78)

UNHA HOMENAXE E UNHA ENQUISA

Entre os anos 60 e 70 xurdía Xusticia Democrática; algún tempo despois facíao a Unión de Militares Demócratas. Ámbolos dous colectivos nos que se agruparon sectores minoritarios de dúas institucións fundamentais do Estado, a Xustiza e a Milicia, foron obxecto días atrás dunha homenaxe multitudinaria co gallo de teren sido propostas para o premio da Asociación Europea de Dereitos Humanos, por mor, precisamente, da defensa que fixeron daqueles nos últimos tempos dese “tardofranquismo”, que xa Umbral preguntaba se non sería un “neofranquismo”.

Por elementais razóns de pudor persoal -teren formado parte de Xustiza Democrática case desde a súa fundación e ser, xa que logo, partícipe dun pequeno eido da homenaxe e do posible premio-, non quero entrar nas razóns que poidan xustificar a un e máis a outro. Pero penso que a ocasión é merecente dalgunhas reflexións ao fío de acontecementos recentes e preocupantes da vida española.

Aínda que diversos no que fai ao seu ingrediente

persoal, ámbolos dous colectivos -hoxe desaparecidos como organizacións, pero non porque xa se acadasen as finalidades pretendidas-, tiñan evidentemente unha serie de rasgos comúns.

En primeiro lugar, os dous naceron no seo de institucións caracterizadas polo seu sentido conservador; o seu repecto ao que é, mellor que ó que poida ser; a súa tendencia á sacralización do poder e da súa maior propensión á crenza de que a crítica, características que, á marxe dos condicionamentos legais, dificultaban o encontro dunha canle de expresión aos valores e idearios que defendían. Actitudes nun principio individuais que foron confluíndo nun esforzo común que, como di Perfecto Andrés Ibáñez no prólogo ó libro *“Jueces contra la dictadura”*, con relación a Xustiza Democrática, ía desembocar na aparición dunha figura enormemente significativa e , desde logo, atípica: a dunha especie de “xuíz delincuente”.

Por outra banda, ámbolos dous colectivos nunca chegaron a teren clara unha estrutura organizativa

e tratábase máis ben da coincidencia nunha serie de valores humanísticos e na asunción dun compromiso na defensa dos dereitos e liberdades democráticas.

Tamén foi común o reproche e os receos con que foron mirados no seo das institucións ás que pertencían e a acusación de estaren manipulados ou movidos por algúns dos partidos daquela ilegal oposición de esquerdas. Cando o certo era a variopinta ideoloxía dos seus compoñentes, a partir dunha coincidencia mínima, pero abondo nun esquema de valores que, para entendérmonos, podemos considerar como hoxe consagrados polo ordenamento constitucional.

Por último, “Xustiza Democrática” e a “Unión de Militares Demócratas”, tiñan clara conciencia de que unha reforma en profundidade da Xustiza e a Milicia tiñan como obxectivo, primeiro e fundamentalmente a desaparición do sistema ditatorial franquista. De aí que XD non podo falar porque non teño coñecemento das actividades

da UMD-non dubidara por un acaso en colaborar coas outras forzas clandestinas da oposición antifranquista para conseguir aquel obxectivo primordial, actuando mesmo como mediadora para lograr accións conxuntas das, en tantas ocasións, divididas forzas da oposición.

E, sen embargo, que diferente lles foi a sorte a uns e máis ós outros na democracia. Se aqueles “xuíces delinquentes” -delinquentes conforme ao antollo ditatorial que non a un verdadeiro dereito-, puideron seguir desempeñando as súas funcións sen sensibles traumas nin acedumes, agás algún proído disfrazado de corrección disciplinaria, os militares da UMD foron presos, procesados, condenados, expulsados do Exército e marxinados de toda medida de graza que supuxera o reintegro á súa antiga situación profesional. Resulta certamente estraño e paradóxico que aqueles, precisamente aqueles que loitaron pola defensa duns valores e por uns principios que hoxe consagra a Constitución, estean fóra dunhas institucións ás que se lle asigna a defensa daquela e que aparece no Título Preliminar

-artigo 8º- formando parte dos elementos claves do aparello estatal, ao mesmo nivel que os partidos políticos ou as organizacións sindicais.

Situación paradóxica, estraña, si; pero tamén profundamente triste e preocupante polo que ten de reveladora das insuficiencias da nosa nacente democracia.

En curiosa coincidencia, ¿ou non tan curiosa?, coa homenaxe aos militares da extinta UMD, os medios periodísticos facíanse eco dunha información, polo momento non desmentida e si confirmada en medios próximos ao Exército, dunha enquisa verbal realizada polos capitáns xenerais das distintas rexións militares, reveladora, aínda que semella que a corrección técnica da enquisa fose mínima, de que a maioría dos mandos e oficiais do Exército de Terra se opoñen á readmisión dos militares da UMD, que tería lugar, de aprobarse a proposición de lei presentada nas Cortes pola maioría dos grupos parlamentarios.

Para min máis preocupante que o resultado da enquisa -que por certo non penso que se realizase no tocante á readmisión doutros militares, condenados por conduta golpista-, que o é en grao sumo polo revelador que é a ausencia de ánimo reconciliador e de falta de coincidencia en valores que, se un día se asumiron na clandestinidade, hoxe son consagrados na Constitución, máis preocupante digo, é a mesma realización da enquisa porque en definitiva vén cuestionar o principio da soberanía popular que, nun sistema de democracia parlamentaria, só pode residir nas Cámaras. A característica decisiva dun sistema democrático parlamentario é a non existencia de institucións, de calquera clase que sexan, á marxe ou por riba da Constitución. Coroa, Goberno, Forzas Armadas, Poder Xudicial, só teñen lexitimidade na medida en que se moven dentro do arco constitucional, que ten como clave a titularidade da soberanía no pobo e o seu exercicio a través das Cortes Xerais -artigos I e 66 da Constitución-.

Coido que é botar cotos ao lume falar, como o fa-

cía a revista “Reconquista” no seu número do 12 de xullo, “*dos efectos negativos que tal precedente -o da readmisión- podería provocar sobre os conceptos de unidade, disciplina e xerarquía, que constitúen as bases esenciais das institucións militares*”, porque, en definitiva, eses valores que sempre teñen un carácter funcional e subordinados ás substanciais do ordenamento constitucional, non teñen que verse prexudicados pola posible readmisión. Non creo que ningún, como insinúa a devandita revista no mesmo artigo, poida interpretar “*a ecuánime tranquilidade amosada pola milicia ao longo do proceso cara a democracia como signo de importancia conformista...*” senón como a asunción consciente e circia da misión que lle asigna ao texto constitucional.

(*La Voz de Galicia, 1980*)

